



**Facultade de Xeografía e Historia
Grao en Historia**

Traballo de Fin de Grao

O monte veciñal na Galicia contemporánea. Usos,
caracterización xurídica, tipoloxías e evolución

Curso 2020-2021

Alumno: Manuel Agra Sánchez
Titor: Eduardo Rico Boquete
Departamento de Historia Contemporánea

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Historia

RESUMO

A comezos do século XIX un 70% da superficie de Galicia estaba composta por terreos cubertos de monte, na súa ampla maioría de propiedade colectiva. Estes supoñían, na práctica, un soporte fundamental sobre o que se sustentaba a actividade agro-gandeira tradicional, que precisaba do monte para a extracción de leña, adubos e forraxes, así como para a obtención de colleitas suplementarias mediante a realización de roturacións periódicas.

Neste traballo trataremos o papel do monte comunal no sistema agrario galego, a súa caracterización xurídica e tipolóxica, así como o proceso de disolución ao que se viu sometido ao longo da Idade Contemporánea, proceso que, a diferenza doutros territorios do Estado español, non conducirá a unha total individualización do monte, debido á capacidade das comunidades labregas para defender os seus intereses.

PALABRAS CHAVE: Historia contemporánea, historia agraria, agricultura, montes, monte comunal.

RESUMEN

A inicios del siglo XIX un 70% de la superficie de Galicia estaba compuesta por terrenos de monte, en su amplia mayoría de propiedad colectiva. Estos suponían, en la práctica, un soporte fundamental sobre el que se sustentaba la actividad agro-ganadera tradicional, que necesitaba del monte para la extracción de leña, abonos y pastos, así como para la obtención de cosechas suplementarias mediante la realización de roturaciones periódicas.

En este trabajo trataremos el papel del monte comunal en el sistema agrario gallego, su caracterización jurídica y tipológica, así como el proceso de disolución al que se vio sometido a lo largo de la Edad Contemporánea, proceso que, a diferencia de otros territorios del Estado español no conducirá a una total individualización del monte, debido a la capacidad de las comunidades campesinas para defender sus intereses.

PALABRAS CLAVE: Historia contemporánea, historia agraria, agricultura, montes, monte comunal.

ABSTRACT

At the beginning of the XIX century a 70% of Galicia's surface was covered by bushlands, the majority of it of common property. This common land was a fundamental support of the traditional agricultural and farming activities that needed the commons to obtain firewood, fertilizer, pastures and additional harvests obtained in occasional ploughings.

In this essay we will discuss the importance of common land in galician agricultural system, its legal and typological characterisation and the process of dissolution of common property during the Contemporary Era. A process that, unlike in other territories of the Spanish State, will not lead to a total individualization of the commons, due to the capacity of the farming communities to defend their interests.

KEY WORDS: Contemporary history, agrarian history, agriculture, forests, common land

Índice

Introducción	1
1. O papel do monte no sistema agrario tradicional	3
1.1 As roturacións periódicas	4
1.2 O monte como principal fonte de fertilizantes	8
1.3 Fonte de leña	9
1.4 Soporte da gandeiría	10
1.5 Outros usos	12
2. O carácter xurídico do monte galego	13
2.1 Os réximes de propiedade do monte	14
2.1.1 Montes en man común	16
2.1.2 Montes de varas	17
2.2 Evolución xurídica	19
3. O proceso de disolución do monte comunal	21
3.1 As desamortizacións do XIX	22
3.2 As repoboacións dos distritos forestais	23
3.3 As partillas e a individualización do monte	25
3.4 As repoboacións no franquismo	27
3.4.1 Resistencia e conflictividade social	29
3.4.2 O franquismo e o Estado Novo portugués, dous casos homólogos	32
4. O proceso de devolución do control das terras ás comunidades	33
Conclusiones	36
Bibliografía	38

Introducción

Unha das características máis singulares da fasquía da estrutura xeográfica galega é a preeminencia dos terreos de monte, na súa maioría comunais, fronte aos cultivos. Estes suporían, a finais do Antigo Réxime, ao redor dun 75% da superficie galega, dato que contrasta fundamentalmente con outros territorios como Castela ou Francia onde estes podían chegar a significar só un 20% da superficie.¹ Este traballo ten como obxectivo estudar as funcións e características do monte galego dun xeito diacrónico, prestando atención aos fondos cambios xurídicos, ecolóxicos e agrarios que sufriu ao longo da Idade Contemporánea así como os procesos sociais máis xeralizados que, máis polo xeral, motivaron estes cambios. Para isto, a estrutura do traballo atenderá, fundamentalmente a catro apartados que comprenderán a utilización tradicional do monte, a súa caracterización xurídica e tipolóxica e o proceso evolutivo que levou ao longo dos séculos XIX e XX ao desartellamento destas relacións sociais e de produción, conducindo á actual situación do monte galego. Así como ofrecendo unha análise comparativa cos territorios veciños e prestando especial atención ao caso de Portugal, no que a semellanza das formas de propiedade e agricultura, así como da súa evolución, ofrecen un grande interese comparativo.

En primeiro lugar, dado o obxecto desta análise, cabe comezar por definir cal é o significado do termo monte. Este concepto alude a unha complexa realidade que inclúe distintos tipos de ecosistemas con distintos graos de humanización e diversos usos. Por isto, non podemos aceptar neste estudo as definicións máis espontáneas de monte en base a factores xeográficos ou ecolóxicos. Polo tanto, aceptaremos como máis axeitada a definición que aporta Balboa López na que o monte é toda superficie rústica non adicada ao cultivo dun xeito permanente.² Esta definición, malia a ter un carácter eminentemente negativo, define o monte por contraposición á terra de labranza, ten a vantaxe fundamental de amosar o significado fundamentalmente social e antropolóxico do terreo inculto, que non é, de ningún modo, un terreo deshumanizado ou salvaxe, senón que estivo sometido ao longo da historia, ao coidado e explotación por parte dos agricultores dun xeito multifuncional e diverso.

¹ SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto (1996), *Das casas de morada ao monte comunal*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

² BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (2008), “Da cultura do lume á barbarie incendiaria” en AXEITOS AGRELO, Xosé Luis; GRANDÍO SEOANE, Emilio; VILLARES PAZ, Ramón (eds.), *A patria enteira. homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Con todo, o estudo do monte non está exento de dificultades. Para a Idade Moderna e comezos da Contemporánea aparece o problema metodolóxico, común a toda a chamada época preestatística, da falta de fontes con representatividade abondo como para establecer series estatísticas ou análises cuantitativos. No caso da Coroa de Castela, o Catastro de Ensenada supón unha fonte única para coñecer o monte. Porén, o feito de ser unha fotografía estática do momento no que se realizou, entorno aos anos 1752 e 1753, así como as dificultades que conlevou a súa realización no territorio galego fan que conteña un grao de imprecisións a ter en conta. Por outra banda, o estudo do réxime xurídico do monte entraña tamén unha moi grande dificultade ao estar este, para a práctica totalidade do período aquí estudado, baseado, fundamentalmente, no dereito consuetudinario que ao non deixar pegada escrita, dificilmente permite o seu acceso ao historiador.³ A isto hai que sumar que a principal fonte para acceder a este dereito consuetudinario, a documentación xudicial dos non poucos preitos sobre a cuestión, é, precisamente, indicadora da ruptura do consenso sobre o que se asentaba a lei consuetudinaria, antes que unha mostra de recoñecemento desta. Este feito parece condear ao historiador a coñecer o mundo dos costumes só cado este se atopa no momento da súa desaparición.

Malia a isto, a cuestión do monte comunal galego ten sido abordada dun xeito exitoso por numerosas investigacións xa dende antigo. As primeiras observacións sobre a importancia deste no sistema agrario galego aparecen na literatura agronómica xa dende a ilustración.⁴ Así mesmo, será nos anos 50 do século XX cando a cuestión se comece a abordar tamén dende a óptica xurídica cunha fornada de estudos que proliferan diante da inminente codificación legal da propiedade en man común.⁵ Nos anos 70, coa renovación historiográfica que supón a chegada dos novos estudos franceses e anglosaxóns na historiografía, comezará un anovado esforzo por estudar o monte galego, esta vez dende o prisma da historia social, a historia agraria e das ciencias sociais. Neste sentido destaca a publicación en 1979 da obra *La Galice, essai géographique d'analyse d'interprétation d'un*

³ REY CASTELAO Ofelia (2004), “Montes, bosques y zonas comunales. Aprovechamientos agrícola-ganaderos, forestales y cinegéticos” en ARANDA PÉREZ, Francisco José, *El mundo rural en la España moderna. VII Reunión Científica de la Fundación Española de Historia Moderna*, Vol. 2, Cuenca, Universidad de Castilla la Mancha, pp. 911.

⁴ BOUHIER, Abel (2001), *Galicia, ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*, Volume XVI, Tomo II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 757.

⁵ FREIRE CEDEIRA, Araceli (2014), *Conflictividad social en el medio rural gallego 1939-1975. El caso de los montes vecinales en mano común*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 28-29.

vieux complexe agraire,⁶ do xeógrafo francés Abel Bouhier que supón un dos primeiros monográficos sobre o conxunto da agricultura galega. Haberá, tamén, un bo número de traballos académicos publicados en Galicia sobre a agricultura que se ocupen, en concreto, da cuestión do monte tanto dende a óptica da historia moderna como dende a contemporánea. Na década de 1990 comezarán tamén as publicacións de monográficos que abordan os montes, ou se centran máis polo miúdo en áreas temáticas concretas como a conflictividade social que crean, as repoboacións forestais no franquismo, etc.⁷ Coa chegada do século XXI, as novas preocupacións vencelladas á ecoloxía, o medioambiente ou á situación do rural fixeron agromar novos enfoques sobre a cuestión do monte. É o caso dos estudos sobre os incendios ou a política forestal do estado que teñen dado estudos de gran interese para a materia.

1. O papel do monte no sistema agrario tradicional

Dende que Abel Bouhier definise por primeira vez o monte como *soposte tradicional do sistema agrario*,⁸ esta frase parece ter gañado fortuna dentro da historiografía agraria galega e, máis en concreto, na produción historiográfica a cerca do monte. Porén, esta repetición continuada non resta de ningún xeito vixencia á constatación da importancia do monte dentro da economía campesiña galega. Pola contra, esta parece ser síntoma da correcta caracterización do papel dos terreos denominados incultos na estrutura agraria tradicional que realiza o xeógrafo francés. Esta mesma importancia xa fora tida en conta por boa parte da literatura escrita sobre a agricultura galega durante a ilustración, o século XIX e comezos do XX, que xa advertira a relación fundamental entre os terreos incultos e os cultivados e a necesidade de gardar unha certa proporción entre eles.⁹

Así pois, cabe sinalar que o monte era, en efecto unha das pedras angulares da explotación labrega. Isto débese á complexa realación que garda o cultivador co monte baseada no paroveitamento multifuncional deste. Este aproveitamento estaba baseado, como veremos a continuación, en tres aspectos fundamentais. En primeiro lugar a extracción directa

⁶ Traducido ao galego como: BOUHIER, Abel (2001), *Galicia, ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*, Volume XVI, Tomo II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

⁷ Por citar un exemplo, Xesús Balboa publicará unha tese monográfica para a Idade Contemporánea, BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (1990), *O monte en Galicia*, Vigo, Xerais.

⁸ BOUHIER, Abel (2001), *Galicia, ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*, Volume XVI, Tomo II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 757.

⁹ *Ibidem*, pp. 757-758.

de produtos agrarios a partir da roturación periódica e temporal do monte. En segundo lugar, o seu uso como fonte de adubos cos que fertilizar as terras en cultivo mediante a elaboración de estrumes. En terceiro lugar, o seu uso como fonte de leña, xeralmente extraída de plantas arbustivas como o toxo. E, finalmente, como fonte de alimentación para o sostemento da cabana gandeira mediante o pasto tanto individualizado como en común desta. Así mesmo, cabe destacar a existencia doutros usos coñeceron unha menor relevancia para as terras a monte como a súa utilización forestal tanto madeireira como de produción de froitos como a castaña.

Para os territorios de maior dependencia do monte, como é o caso do interior lucense, tense calculado que este podía supoñer entre un 25% e un 30% do total da produción agraria entre pastos, madeiras, rozas, leña e froitos na Idade Moderna.¹⁰ Dato, malia a todo, incompleto, pois non contabiliza os froitos indirectos do monte resultantes do aumento da produtividade das terras cultas grazas ao uso de adubos que atopan, como se sinalará máis adiante, a súa principal base nos estrumes orgánicos ata ben entrada a segunda metade do XX.

1.1 As roturacións periódicas

Unha das funcións fundamentais que desempeñaba o monte era o de realizar un aporte extraordinario de gran na forma de colleitas ocasionais. A vía máis común para acadar isto era a roturación temporal de fraccións deste monte na forma de rozas. Este proceso, recibiu numerosos nomes ao longo deste territorio como o de estivadas, restrebas, queimadas, cavadas, borralleiras, bouzas...¹¹

Polo xeral, o proceso estaba composto de tres fases fundamentais: Unha primeira fase na que se esfolia a terra da súa cuberta vexetal. Isto faise cara o final da primavera cando a ausencia de choivas facilita a labor de arrincar o manto vexetal. Unha segunda fase, xa entrado o verán, na que, unha vez seco o arrincado, se procede a xuntalo en borralleiras para queimalo. Despois desta queima, que podería durar días, espallase a cinza por toda a superficie co obxectivo de que sirva como fertilizante para a terra. Finalmente, xa nos

¹⁰ REY CASTELAO Ofelia (2004), “Montes, bosques y zonas comunales. Aprovechamientos agrícola-ganaderos, forestales y cinegéticos” en ARANDA PÉREZ, Francisco José, *El mundo rural en la España moderna*, Vol. 2, Cuenca, Universidad de Castilla la Mancha, pp. 920.

¹¹ BOUHIER, Abel (2001), *Galicia, ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*, Volume XVI, Tomo II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 819.

primeiros días de outono, seméntase nesa terra o gran.¹² Unha vez realizada a colleita deixárase inculco o terreo durante anos, ou no caso de ser a terra de boa calidade, realizárase unha segunda colleita despois da cal tamén se deixaría de cultivar a parcela de monte durante anos.¹³ Era, como acabamos de ter ocasión de comprobar, un proceso moi intensivo en traballo humano e que requería un esforzo sostido durante meses. O principal produto cultivado deste xeito será o centeo, malia a que tamén cabe a posibilidade de sementar trigo, menos produtivo pero máis apreciado, ou mesmo patacas.¹⁴ A importancia cuantitativa deste sistema para a economía campesiña é sumamente difícil de determinar. Con todo, tense estimado que cara o comezo do século XIX, as rozas terían suposto entre o 20% e o 50% das colleitas de cereais nas explotacións labregas do centro e norte de Galicia.¹⁵

Este sistema de cultivo por rozas, vai ter, en efecto unha gran importancia nos territorios do norte galego. Cuns ritmos de roturación que, no interior lucense, podían alternar entre os 21 e os 41 anos, mentres que nas zonas costeiras os ritmos eran máis rápidos rondando entre os 12 e os 20 anos. Sen embargo, na provincia de Ourense, o cultivo do monte será escaso e localizado. Algo que acontecerá tamén na franxa costeira occidental, máis rica e densamente poboada dende as transformacións causadas pola introducción do millo no século XVII. Nas antigas provincias de Tui e Santiago as rozas son unha práctica moito menos común e xa en retroceso para mediados do século XVIII, limitándose só ás zonas de interior.¹⁶ Seguindo as estimacións de Rey Castelao, para o momento de elaboración do Catastro de Ensenada en 1752 só se seguen a facer rozas no 34,7% das localidades compostelanas e no 14,6% das tudenses, realizándose nesta última provincia só nos montes pechados.¹⁷ Para as décadas de 1960 e 70, segundo as pesquisas de Abel Bouhier, as estivadas continuaban a practicarse na zona nororiental do país abarcando a maior parte da provincia de Lugo, agás as zonas costeiras, así como partes das actuais provincias da Coruña, Ourense e mesmo unha pequena zona de Pontevedra en Agolada.¹⁸ Hai tamén unha importante

¹² BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (1990), *O monte en Galicia*, Vigo, Xerais, pp. 25-26.

¹³ FERNÁNDEZ LEICEAGA, Xaquín; et al. (2006), *Os montes veciñais en man común. O patrimonio silente. Natureza, economía, identidade e democracia na Galicia rural*, Vigo, Xerais, pp. 37.

¹⁴ BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (1990), *O monte en Galicia*, Vigo, Xerais, pp. 26.

¹⁵ FERNÁNDEZ LEICEAGA, Xaquín; et al. (2006), *Os montes veciñais en man común. O patrimonio silente. Natureza, economía, identidade e democracia na Galicia rural*, Vigo, Xerais, pp. 38.

¹⁶ REY CASTELAO, Ofelia (2004), "Montes, bosques y zonas comunales. Aprovechamientos agrícola-ganaderos, forestales y cinegéticos" en ARANDA PÉREZ, Francisco José, *El mundo rural en la España moderna*, Vol. 2, Cuenca, Universidad de Castilla la Mancha, pp. 920-922.

¹⁷ REY CASTELAO, Ofelia (1995), *Montes y política forestal en la Galicia del Antiguo Régimen*, Santiago de Compostela, USC, pp.98.

¹⁸ BOUHIER, Abel (2001), *Galicia, ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*, Volume XVI, Tomo II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 820.

cantidade de territorios ao redor desta zona nos que as estivadas só se practican no monte particular, así como de reductos de estivadas en zonas nas que, polo xeral xa non se practicaban estas. Isto parece indicarnos que o mapa para 1960 era froito dun retroceso desta forma de aproveitamento do monte dende o suroeste cara o norleste e en dúas fases, unha primeira na que desaparece do monte común e unha segunda na que desaparece dun xeito definitivo.¹⁹

Malia a este retroceso, as estivadas pervivirán en boa parte do territorio galego ata mediados da década de 1960, cando a acción das autoridades e as duras sancións impostas aos labregos farán que este sistema entre en crise.²⁰ A partir da década de 1970 as rozas no monte común practicamente desaparecen, pervivindo inda nalgún caso nos montes particulares cerrados ou as feitas na clandestinidade en lugares apartados coa complicidade da veciñanza e mesmo cunha certa aquiescencia das autoridades locais.²¹

Esta persecución do lume controlado foi, como teñen sinalado algúns autores, unha constante da modernidade occidental. A imposición, na era industrial, dunha visión urbanizada do mundo marcou unha ruptura, en moitos casos forzada, cos usos tradicionais do lume na agricultura, que pasa agora a ser visto como un inimigo ao que combater.²² Non poucos autores xa dende o século XIX teñen presentado a estivada como unha técnica arcaica, irracional e empobrecedora do monte.²³ E malia a ser certo que este xeito de cultivar o monte pode supor en certa medida a erosión do solo, en especial naquelas terras máis inclinadas,²⁴ tamén rexistra efectos positivos sobre o chan, limpando a terra e fertilizándoa.²⁵ Tendo en conta que a práctica da estivada se realizou dun xeito sostible durante, como mínimo, perto de catro séculos, non cabería aquí sobrevalorarmos, en definitiva, os seus efectos negativos sobre o solo. Así mesmo, a grande variación territorial nos tempos de espera entre estivadas amosan un bo coñecemento das posibilidades do terreo por parte dos labregos.²⁶ Estamos, polo tanto ante unha práctica baseada no bo coñecemento do terreo, así

¹⁹ BOUHIER, Abel (2001), *Galicia, ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*, Volume XVI, Tomo II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 823-824.

²⁰ *Ibidem*, pp. 818.

²¹ *Ibidem*, pp. 818.

²² PAYNE, Stephen (1999), "Fuego sobre la tierra. Introducción a su historia" en ARAQUE JIMÉNEZ, Eduardo (coord.), *Incendios históricos. Una aproximación multidisciplinar*, Baeza, Universidad Internacional de Andalucía, pp.376.

²³ FERNÁNDEZ LEICEAGA, Xaquín; et al. (2006), *Os montes veciñais en man común. O patrimonio silente. Natureza, economía, identidade e democracia na Galicia rural*, Vigo, Xerais, pp. 41.

²⁴ BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (1990), *O monte en Galicia*, Vigo, Xerais, pp. 27.

²⁵ *Ibidem*, pp. 27.

²⁶ FERNÁNDEZ LEICEAGA, Xaquín; et al. (2006), *Os montes veciñais en man común. O patrimonio silente. Natureza, economía, identidade e democracia na Galicia rural*, Vigo, Xerais, pp. 37.

como nunha lóxica racional e colectiva de explotación do monte que busca a sustentabilidade e que, de feito, foi sustentable ao longo de séculos.

Esta persecución dos lumes controlados ten un papel fundamental, paradóxicamente, en sentar as bases do abandono do monte e da acumulación de materia vexetal que alimentan os incendios salvaxes moito máis grandes e difíciles de controlar.²⁷ No caso que aquí nos ocupa, o final das estivadas e a desfuncionalización máis en xeral do monte preceden, á cronificación do problema dos incendios forestais e á aparición do que Balboa López definiu como a *barbarie incendiaria*, que reemplaza á cultura do lume racional e controlada das estivadas.²⁸

En suma, cabe sinalar que as roza supoñen unha mostra dunha forma de explotación do solo racional e capaz de traballar a terra sen esgotar os seus recursos. Boa proba disto é o manexo dos tempos que é necesario deixar descansar o monte entre estivada e estivada. O feito de que estes tempos muden en función da comarca e das características do solo amosan un coñecemento da labor agrícola que, malia a non ter un carácter científico, si se asenta sobre unha base empírica sólida.

Outro tipo de roturación temporal menos común, con menor presenza nas fontes e un desenvolvemento comparativamente máis serodio foi o cultivo en alternancia de centeo-barbeito. Xeograficamente limitado ao leste do país e de gran dificultade para rexistralo nas fontes. Aparece por primeira vez documentado no século XIX.²⁹ Esta forma de aproveitamento do monte consistía na roturación dunha parcela de monte, ben por estivada, ben co arado, e a súa posta en cultivo mediante unha rotación bienal de barbeito e centeo que se mantiña de 6 a 8 anos despois dos cales a terra precisaba dun longo período de descanso.³⁰ Malia a que Bouhier as consideraba resultado das concesións de terreos por parte dos concellos, outros autores teñen sinalado que, pola contra, a relación de causalidade podería ser a inversa sendo as concesións de terras unha lexitimación *a posteriori* das propias

²⁷ PAYNE, Stephen (1999), “Fuego sobre la tierra. Introducción a su historia” en ARAQUE JIMÉNEZ, Eduardo (coord.), *Incendios históricos. Una aproximación multidisciplinar*, Baeza, Universidad Internacional de Andalucía, pp.376.

²⁸ BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (2008), “Da cultura do lume á barbarie incendiaria” en AXEITOS AGRELO, Xosé Luis; GRANDÍO SEOANE, Emilio; VILLARES PAZ, Ramón (eds.), *A patria enteira. homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

²⁹ BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (1990), *O monte en Galicia*, Vigo, Xerais, pp. 29.

³⁰ BOUHIER, Abel (2001), *Galicia, ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*, Volume XVI, Tomo II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 847.

roturacións.³¹ Con todo, resulta lóxico poñelo nunha certa relación coas lexitimacións de propiedades, pois é o xeito máis doado de cumprir o requisito de por en cultivo a terra.³²

Tanto pola cronoloxía da súa aparición e expansión como pola forma na que se realiza, este xeito de cultivar o monte semella gardar unha certa realción coa expansión ao longo da Idade Contemporánea e coa posta en cuestión do carácter común do monte que isto conlevou. Esta práctica tivo un carácter empobrecedor do solo que se alonxa das lóxicas comunais coas que se realizaban outros usos do monte.³³ Cabe tamén destacar que esta foi unha práctica rexistrada, fundamentalmente, nas comarcas do leste do país, con maior dispoñibilidade de monte e nas que seguramente houbera maior permisividade co seu aproveitamento individual.³⁴ En conclusión, cabe sinalar que pola súa cronoloxía e carácter, a alternancia centeo-barbeito, malia a ser unha forma relativamente pouco común nas fontes e limitada territorialmente, é indicativa do comezo da ruptura do sistema comunal consuetudinario que rexía os usos do monte galego ata a chegada da Idade Contemporánea.

1.2 O monte como principal fonte de fertilizantes

Deixando a un lado a propia extracción de colleitas, o monte cumpría un papel fundamental na fertilización das terras e peza chave na elaboración de estrume. Isto é, o fermento de materia vexetal. Esta función do monte vai a ser universalmente destacada polos autores que se ocupan do tema xa dende o século XIX.³⁵ Este era un papel fundamental nun sistema agrario que ata ben entrada a segunda metade do XX non coñecerá un uso masivo de fertilizantes e seguirá tendo como soporte fundamental a fertilización orgánica do solo.³⁶

Nesta fertilización orgánica, ten un papel central o toxo. Outras especies como o fento ou as uces teñen unha menor importancia sendo empregadas só en ausencia del. Este podía ser empregado directamente como fertilizante para as vides ou para facer mais esponxosas as terras. Porén, o xeito principal de elaboración de adubos naturais vai ser a ceración de

³¹ BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (1990), *O monte en Galicia*, Vigo, Xerais, pp. 29.

³² *Ibidem*, pp. 29.

³³ *Ibidem*, pp. 30.

³⁴ *Ibidem*, pp. 30.

³⁵ FERNÁNDEZ LEICEAGA, Xaquín; *et al.* (2006), *Os montes veciñais en man común. O patrimonio silente. Natureza, economía, identidade e democracia na Galicia rural*, Vigo, Xerais, pp. 38.

³⁶ FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo e CORBACHO GONZÁLEZ, Beatriz (2019), “Da fertilización orgánica á mineral e química, da natureza transformada á natureza descontrolada, do século XIX ao XXI” en DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, Francisco (coord.), *O Antropoceno e a Grande Aceleración. Unha ollada desde Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 190.

estrumes. Para isto, o toxo, cortado inda novo e secado, é empregado como cama do gando. Na corte é sometido a un proceso de descomposición lenta á que se van engadindo sucesivamente novas capas de toxo. Esta materia vexetal descomposta é empregada como fertilizante no momento no que se limpana as cortes, dúas ou tres veces ao ano, antes das sementeiras.³⁷

O consumo de toxo é sumamente complexo de cuantificar. Jose Cornide calcula para a segunda metade do século XVIII que unha explotación media requeriría de 36 a 40 carros de toxo incluíndo os 24 precisos para leña.³⁸ Bouhier, xa na segunda metade do XX calcula que se precisan entre 20 e 40 carros de abono de 400 quilogramos cada un só por cada hectárea de terreo, ascendendo en total a entre 30 e 75 carros ou entre 12 e 30 toneladas se contamos a leña.³⁹ Unhas cifras que dan boa conta da importancia que chegou a acadar a fertilización orgánica na intensificación da agricultura galega ao longo do século XIX. Así mesmo, as cifras dan conta tamén do intensiva e laboriosa que era a colleita de toxo. Unha tarefa que mesmo podía chegar a supor o 19% do total do traballo realizado no agro.⁴⁰

Cabe, en suma, entender neste caso, que o proceso da elaboración de adubos orgánicos supón unha explotación racional e baseada no coñecemento do territorio e das capacidades do solo por parte dos labregos. Así mesmo, esta forma de utilización do monte amosa unha relación entre os terreos cultos e os incultos moito máis directa do que nun primeiro momento cabería supoñer, pois a produtividade dos primeiros depende directamente dos segundos, impondo a necesidade de chegar a un balance entre ambos os dous terreos.

1.3 Fonte de leña

Outro dos papeis fundamentais do monte nas comunidades agrarias do pasado foi a extracción de leña, principal fonte de enerxía nas sociedades anteriores ao uso dos combustíbeis fósiles. No caso galego, esta leña non era, na súa maioría, madeira *sensu stricto*, senón que se extraía da parte leñosa de prantas arbustivas. Neste sentido, a especie dominante

³⁷ BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (1990), *O monte en Galicia*, Vigo, Xerais, pp. 32.

³⁸ FERNÁNDEZ LEICEAGA, Xaquín; *et al.* (2006), *Os montes veciñais en man común. O patrimonio silente. Natureza, economía, identidade e democracia na Galicia rural*, Vigo, Xerais, pp. 38-39.

³⁹ BOUHIER, Abel (2001), *Galicia, ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*, Volume XVI, Tomo II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 854.

⁴⁰ BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (1990), *O monte en Galicia*, Vigo, Xerais, pp. 32.

no proceso volta a ser o toxo, que adquire consistencia lígnea na súa etapa máis madura, malia a que tamén eran empregadas outras especies arbustivas ou pólas de árbores.⁴¹

Este papel fundamental do monte baixo como produtor de leña debe ser entendido no contexto dun país no que a superficie forestal é relativamente pequena. Por exemplo, segundo estimacións de Rey Castelao, a superficie forestal rondaría o 2,3% na vella provincia lucense no momento de realización do Catastro de Ensenada,⁴² sendo na de Betanzos un 3,1% e na da Coruña só un 0,9%.⁴³

1.4 Soporte da gandería

O inculto vai ter tamén un papel central da gandería. Tradicionalmente, esta atopábase integrada coa agricultura nun sistema diversificado e interrelacionado. Malia a isto, cabe sinalar que hai un progresivo pulo exportador de carne xa dende o século XVIII que derivará xa no XX nunha certa especialización gandeira.⁴⁴ Con todo, o gando non só aportaba carne ou produtos de consumo humano como o leite, senón que tamén tiña, como xa vimos, un papel fundamental na produción de fertilizantes e era, ademais disto, a principal fonte de forza de traballo non humana dentro dunha sector primario que non empregará a mecanización ata etapas relativamente serodias.

O monte vai ter un papel de gran importancia no mantemento deste gando. Balboa López afirma que o inculto xoga un papel central, cando non único, no mantemento do gando, pois as terras especificamente adicadas ao pasto van a ser mínimas e, en moitas ocasións, apresadas do propio monte común, feito que se debe, en boa parte, á traba que a principal forma de tenencia da terra, o foro, supón para a conversión das terras de cultivo a terras de pasto.⁴⁵ Sen embargo, xa para a segunda metade do XX, Bouhier rebaixa en boa medida esta importancia, afirmando que o monte supuxo só entre $\frac{1}{4}$ e $\frac{1}{3}$ da manutención de vacas adultas nas montañas setentrionais, un $\frac{1}{5}$ e $\frac{1}{4}$ na Galicia das agras e un $\frac{1}{8}$ a $\frac{1}{6}$ no extremo surlleste do país.⁴⁶ Como podemos apreciar, malia a referirse os cálculos de Bouhier

⁴¹ BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (1990), *O monte en Galicia*, Vigo, Xerais, pp. 44.

⁴² REY CASTELAO, Ofelia (1995), *Montes y política forestal en la Galicia del Antiguo Régimen*. Santiago de Compostela, USC, pp. 67.

⁴³ *Ibidem*, pp.86.

⁴⁴ BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (1990), *O monte en Galicia*, Vigo, Xerais, pp. 36.

⁴⁵ *Ibidem*, pp. 36.

⁴⁶ BOUHIER, Abel (2001), *Galicia, ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*, Volume XVI, Tomo II, Santiago de Compostela. Consello da Cultura Galega, pp.865.

só á gandeiría bovina, ambas visións difiren notablemente. Isto pode deberse, quizás, ao feito de referirse, as cifras de Bouhier, a un momento relativamente tardío dentro do período aquí estudado no que a realidade da propiedade da terra e os seus usos xa mudaran sustancialmente, así como a especialización gandeira do rural galego que xa tomara relativa forza.

A fenomenoloxía da gandeiría no monte vai estar dividida, en boa medida, en función da pertenza a unha ou outra especie dos animais pastoreados. Esta determinará tanto as terras nas que se paze, como o tempo que pasan no monte e se cada casal o fai dun xeito individual ou colectivamente.

O vacún é a especie de maior significación económica, razón pola que se lle adican os mellores pastos tanto privados como comúns.⁴⁷ As terras adicadas fundamentalmente a pastos recibían o nome de lamas e, en moitos casos, o seu aproveitamento era regulado polos concellos da aldea.⁴⁸ Podía pastar tamén en curros feitos no monte ou mesmo en zonas de monte nas que se atopasen plantas herbáceas.⁴⁹ Nas zonas de montaña hai tamén coutadas, parcelacións temporais do monte con queimas e rozas para facer pastos.⁵⁰ A vixiancia á que se somenten as vacas era moi variable. Dende a total liberdade das vacas bravas, algunhas mesmo con estadias no monte que se prolongaban durante semanas, ata o apacentamento feito dun xeito individual por cada explotación das domésticas.⁵¹ Hai tamén testemuñas de apacentamento feito dun xeito colectivo con estadias moi prolongadas no monte, se cadra inspirado no modelo ovino.⁵²

No caso do cabalo, a principal diferenza radica na mellor adaptación ao monte destes animais. É dicir, na súa maior mobilidade e maior facilidade para aproveitar os gromos máis tenros dos toxos. Segundo estimacións de Bouhier, o cabalo pode manterse con dietas nas que o toxo supoña $\frac{3}{4}$ ou $\frac{4}{5}$ do alimento.⁵³ Isto determina, en boa medida, a maior dependencia do monte na cría de cabalos. Hai unha gran a proliferación de cabalos bravos criados no monte e

⁴⁷ FERNÁNDEZ LEICEAGA, Xaquín; *et al.* (2006), *Os montes veciñais en man común. O patrimonio silente. Natureza, economía, identidade e democracia na Galicia rural*, Vigo, Xerais, pp. 40.

⁴⁸ BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (1990), *O monte en Galicia*, Vigo, Xerais, pp. 38.

⁴⁹ BOUHIER, Abel (2001), *Galicia, ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*, Volume XVI, Tomo II, Santiago de Compostela. Consello da Cultura Galega, pp.865.

⁵⁰ BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (1990), *O monte en Galicia*, Vigo, Xerais, pp. 38.

⁵¹ FERNÁNDEZ LEICEAGA, Xaquín; *et al.* (2006), *Os montes veciñais en man común. O patrimonio silente. Natureza, economía, identidade e democracia na Galicia rural*, Vigo, Xerais, pp. 40.

⁵² BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (1990), *O monte en Galicia*, Vigo, Xerais, pp. 38.

⁵³ BOUHIER, Abel (2001), *Galicia, ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*, Volume XVI, Tomo II, Santiago de Compostela. Consello da Cultura Galega, pp.866.

só controlados periodicamente en rapas das bestas.⁵⁴ O destino destes cabalo era, moi habitualmente, o comercio, tanto como animais de tiro como das súas crins para facer colchóns.⁵⁵ Hai así mesmo un intenso comercio de mulas froito das eguas que pacen no monte que aparece recollido xa dende o século XVI.⁵⁶ Este comercio supón, para os labregos galegos, unha entrada de ingresos en forma de masa monetaria, algo que nunha economía que era, en boa medida, de autoconsumo ata ben entrado o século XX ten unha gran relevancia. A cría de cabalos domésticos presenta grandes doses de liberdade, malia a que, a diferenza dos bravos, non son apacentados en común.⁵⁷

En canto aos ovicápridos, é dicir, ovellas e cabras, estas son as dúas especies nas que o apacentamento garda un maior carácter colectivista. Non era raro ver en zonas da montaña oriental que un único pastor vixiase o gando de toda a comunidade. Os veciños turnábanse neste papel por espazo de 6 a 8 días nos que se alimentaban de pan de centeo e touciño. As veces o turno era repartido proporcionalmente ao número de animais aportados, noutras non. Nalgúns ocasións o pastor era pagado, ben por un grupo de veciños, ben polo concello da aldea.⁵⁸

Finalmente, cabe destacar o papel do propio toxo verde extraído do monte como alimento do gando estabulado. Este empregábase na elaboración de forraxes, machacando toxos xoves e mesturandoos con herba verde ou palla ata formar unha masa. Tamén con nabos, patacas ou fariña de millo para o engorde dos cebóns que se enviaban ao mercado extranxeiro.⁵⁹ Esta forma de alimentación vai recibir grande atención por parte dos técnicos que a propuxeron como solución á falta de forraxes e acadará importancia abondo como para que se chegasen a comercializar máquinas específicas para a malla de toxo.⁶⁰

1.5 Outros usos

Finalmente, cabe destacar que, malia a que ficaron aquí sinaladas as principais funcións do monte que o acreditan como soporte do sistema agrario para boa parte da literatura

⁵⁴ BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (1990), *O monte en Galicia*, Vigo, Xerais, pp. 38.

⁵⁵ *Ibidem*, pp. 39.

⁵⁶ BOUHIER, Abel (2001), *Galicia, ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*, Volume XVI, Tomo II, Santiago de Compostela. Consello da Cultura Galega, pp.866.

⁵⁷ BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (1990), *O monte en Galicia*, Vigo, Xerais, pp. 39.

⁵⁸ *Ibidem*, pp. 39.

⁵⁹ *Ibidem*, pp. 39.

⁶⁰ *Ibidem*, pp. 39.

especializada, inda fican outros aproveitamentos cuxo papel é relativamente menor, como é o caso das colleitas de froitos, a caza ou a extracción de madeira que, como vimos, debe de ser diferenciada da extracción de leña. No caso da recolección de froitos, o máis destacable é a castaña que, en función da comarca pode acadar unha grande importancia, mesmo chegando a ser un alimento fundamental das zonas orientais do país con anterioridade á expansión nestes territorios da pataca ao longo do século XIX.⁶¹

2. O carácter xurídico do monte galego

Como xa tivemos ocasión de adiantar, o réxime xurídico do monte galego non foi en absoluto homoxeneo, como tampouco o foron os dereitos e modos de uso que del se seguían. Pola contra, a variabilidade tipolóxica da forma de propiedade dos montes foi complexa abondo como para facer da definición legal dos montes veciñais unha principais liñas de estudo da bibliografía sobre a cuestión.⁶² A posición xurídica do monte no Antigo Réxime era xa fondamente complexa, marcada pola variabilidade xeográfica, pero tamén, como era habitual nas sociedades precapitalistas, pola superposición de dereitos sobre unha mesma propiedade. Porén, e a diferenza da tendencia xeral, a instauración do réxime liberal non vai resultar nunha simplificación do réxime de propiedade. Pola contra, a lexislación liberal dara lugar a un progresivo escurecemento dos dereitos xurídicos sobre o monte, froito da inadecuación da institucionalización do réxime liberal pensada nos centros de decisión do estado para un territorio sustancialmente distinto e cun sistema agrario e unha estrutura xeográfica e social distintas, pero tamén da resistencia das propias comunidades á perda dos seus montes, feito que da boa conta da forza e vitalidade dunha sociedade agraria que se nega a perder un dos seus principais soportes.

⁶¹ REY CASTELAO Ofelia (2004), “Montes, bosques y zonas comunales. Aprovechamientos agrícola-ganaderos, forestales y cinegéticos” en ARANDA PÉREZ, Francisco José, *El mundo rural en la España moderna. VII Reunión Científica de la Fundación Española de Historia Moderna*, Vol. 2, Cuenca, Universidad de Castilla la Mancha, pp. 920.

⁶² Como xa se sinalou, unha das principais liñas dentro da literatura que se ocupou do monte en Galicia foron os estudos xurídicos que, nos anos 50 e 60 do século XX, co gallo da codificación xurídica da propiedade común, buscaban establecer unha caracterización clara da propiedade veciñal.

2.1 Os réximes de propiedade do monte

Para a entrada do século XIX a propiedade do monte era fundamentalmente veciñal.⁶³ Con todo, este non é o único tipo de propiedade coñecida. Malia a que minoritarios, existen montes de propiedade privada explotados polos propietarios, así como outros que pertencen a algunha institución rendista. Este foi o caso dos montes, propiedade do mosteiro de Celanova nos que este autoriza estivadas por parte dos veciños.⁶⁴ Outro caso relativamente excepcional serían as devesas, viveiros e piñeirais reais, propiedade da monarquía e adicados, fundamentalmente, ao abastecemento de madeira para a armada. Para 1752, seguindo as informacións do Catastro de Ensenada, a coroa contaría, entre as tres tipoloxías, coa propiedade 2.615,5 hectáreas de monte galego, por norma xeral, plantado con carballos e concentrados na fachada atlántica do reino, cargando as vellas provincias de Tui e Compostela coa meirande parte destes terreos.⁶⁵ Estas explotacións, impedían o uso agrícola e gandeiro do monte e eran unha dura carga para unhas provincias que, de por si, xa contaban cunha presión demográfica elevada. Isto creará conflitos sociais e numerosos preitos que dan conta, xa dende a Idade Moderna, da incompreensión entre os agricultores e o estado. Boa proba disto é o feito de que nas enquisas do Catastro de Ensenada os veciños califiquen esta clase de montes como inútiles que so serven para madeira, cando a obtención de madeira era, precisamente, o obxectivo fundamental da coroa.⁶⁶

Deixando a un lado esta casuística relativamente minoritaria, atopamos unha ampla maioría de montes en propiedade común. Esta é relativamente *sui generis* en comparación coas formas de propiedade que poderíamos atopar noutras zonas do estado. Con isto, estamos a referirnos á notable ausencia de bens de propiedade municipal, tanto “de propio”, é dicir, aqueles cuxa explotación era permitida previo pago dun canon, tal é como era habitual na parte central e meridional da Península; como comunais, é dicir, aqueles propiedade dos concellos pero cuxo aproveitamento é libre e gratuito. No territorio galego, a dispersión poboacional e a falta de tradición municipal forte impuxo unha notable anemia de propiedades deste tipo. Mesmo no caso das cidades como Santiago, Mondoñedo ou Ribadeo,

⁶³ BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (2008), “Da cultura do lume á barbarie incendiaria” en AXEITOS AGRELO, Xosé Luis; GRANDÍO SEOANE, Emilio e VILLARES PAZ, Ramón (eds.) *A patria enteira: homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 820.

⁶⁴ SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto (1996), *Das casas de morada ao monte comunal*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, pp. 340.

⁶⁵ REY CASTELAO, Ofelia (1995), *Montes y política forestal en la Galicia del Antiguo Régimen*, Santiago de Compostela, USC, pp. 221.

⁶⁶ *Ibidem*, pp. 224.

os terreos eran aproveitados polos veciños igual que nas aldeas, sen contribuir con cartos ao concello polo seu uso.⁶⁷ Con todo, esta forma de propiedade non era totalmente descoñecida, existindo casos concretos como os terreos comunais de Viveiro, polos que os usuarios debían pagar un canon ao concello.⁶⁸ Inda así, non cabe sobrevalorar a súa importancia que non pasaría, no mellor dos casos, de ser unha excepción.

Ao longo dos séculos XIX e XX haberá tamén un proceso de municipalización da propiedade de numerosos montes que, en orixe, eran veciñais mediante a súa inscrición no catálogo de montes de utilidade pública, aumentando, polo tanto, a superficie de monte comunal de propiedade municipal. Isto obedeceu, en moitos casos ao medo á inseguridade xurídica na que, coa instauración do réxime liberal, van ficar os montes veciñais. Este proceso vaise dar en distintas oleadas dende 1870 ata xa entrados os anos 60. Nalgún caso faise co visto bo dos veciños, noutros sen o seu consentimento. Nalgúns casos a causa da inscrición foron querelas da propia veciñanza orixinadas como vinganza daqueles que ían ficar excluídos do reparto clandestino do monte que pretendía facer a comunidade.⁶⁹ Con isto a propiedade comunal dos concellos irá aumentando progresivamente ata que sexa habitual que supoñan do 15% ao 25% da superficie inculta dos concellos.⁷⁰ Por norma xeral esta forma de propiedade tendeu a concentrarse no sur e no leste do país, onde a maior concentración da poboación impuxera unha tradición concellil previa máis forte e fixo natural, coa chegada do municipio liberal, a asunción por parte deste dun papel de instancia superior na xestión do monte.⁷¹

Unha vez sinaladas estas formas minoritarias de propiedade, cabe centrármonos na forma maioritaria de tenencia do monte, é dicir, a propiedade veciñal. Esta é, seguramente, a forma máis característicamente galega de posesión do monte. Nela o terreo pertence aos propios veciños sen participación do estado ou da administración local. Este modo de propiedade garda grandes semellanzas coa propiedade comunal do norte de Portugal, pero é, en boa medida, un feito descoñecido no resto de Europa.⁷² No caso galego, como xa temos

⁶⁷ SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto (1996), *Das casas de morada ao monte comunal*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, pp. 338.

⁶⁸ *Ibidem*, pp. 339.

⁶⁹ BOUIER, Abel (2001), *Galicia, ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*, Volume XVI, Tomo II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 783-786.

⁷⁰ *Ibidem*, pp. 781.

⁷¹ *Ibidem*, pp. 783.

⁷² COPENA RODRÍGUEZ, Damián (2018), “Montes Veciñais en Man Común e Baldios. Unha análise comparativa das propiedades comunitarias de Galicia e Portugal”, *Sémata. Ciencias sociais e humanidades*, N° 30, pp. 93.

sinalado, esta forma de posesión ten sido estudada en profundidade entorno aos anos 50 e 60 dende a óptica xurídica con conclusións moi dispares e mesmo contradictorias. Xeralmente baseadas no dereito consuetudinario, sempre mediatizado pola xurisprudencia previa que se emprega como fonte para acceder a el ante a falta de estudos de campo. Polo xeral, os traballos defenderon a existencia dunha única forma de propiedade para o monte galego, cun carácter de comunidade ben romana, ben xermánica.⁷³ A diferenza entre ambas radicaría, fundamentalmente, na existencia de cotas de propiedade e na capacidade dos comuneiros para enaxenalas. Porén, fora da abstracción xurídica, a realidade da propiedade veciñal foi ao longo da historia, moito máis diversa e complicada, existindo, en función do momento e o lugar, distintas formas de propiedade con distintos dereitos. Xeralmente estas teñen sido divididas, a grandes rasgos, en dúas tipoloxías, os montes de varas ou de voces e os veciñais ou en man común. En ambos casos a propiedade correspondería, en termos xerais, á comunidade. A diferenza radica no factor identificador da pertenza a esa comunidade, o parentesco nos de varas ou a veciñanza nos de man común, así como na homoxeneidade ou heteroxeneidade de dereitos que ambas definicións de comunidade determinan.

Malia a todo, cabe destacar que unha separación tan nítida nun eido tan sumamente complexo non pode deixar de ser unha abstracción dunha realidade concreta moito máis diversa. Así, hai que ter en conta que os usos e dereitos sobre montes distan de ser estáticos. Na práctica sucederanse procesos simultaneos e opostos de veciñalización dos montes de voces e de varificación nos montes en man común a medida que a complexidade dos repartos e da superposición de dereitos faga impracticable a aplicación destes ao monte de varas ou que a coiuntura impoña a aparición de cotas específicas nos montes en man común.⁷⁴ En suma, esta división debe ser interpretada sempre como unha abstracción dunha realidade concreta sumamente diversa e que, de por si, se resiste a ser clasificada.

2.1.1 Montes en man común

Os montes en man común, que tamén reciben o nome de de veciños, son os que máis nitidamente poderíamos calificar como unha comunidade xermánica. Carecen de división en

⁷³ BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (2000), “Al margen de la ley, la defensa de los montes vecinales en Galicia (1848-1968)” en SALUSTIANO DE DIOS, Javier Infante e RICARDO ROBLEDO, Eugenia Torijano, *Historia de la propiedad en España, Bienes comunales, pasado y presente*, Salamanca, Centro de estudios registrales, pp. 456.

⁷⁴ *Ibidem*, pp.458.

cotas ou de dereitos especiais e diferenciados entre comuneiros. O único requerimento exigible para acceder ao aproveitamento do monte era o de ter lume na entidade ou entidades de poboación ás que estaba adscrito o monte.⁷⁵ A xestión do monte era materia dos concellos abertos que se encargaban do reparto das estivadas.⁷⁶

En canto á distribución territorial, esta forma de propiedade concéntrase, fundamentalmente, no mediodía do país, con especial forza nos territorios da actual provincia de Ourense.⁷⁷ Malia a que tampouco foi completamente descoñecida noutros territorios de Galicia, mesmo en comarcas tan septentrionais como a Mariña.⁷⁸ O feito de que esta tipoloxía predomine nas zonas do sur do país, onde a dispersión poboacional era máis suave e a forza dos concellos abertos foi maior ao longo da Idade Moderna, explícase, seguramente, pola existencia de sociedades campesiñas cunha maior cohesión e nas que a propia comunidade ten unha maior capacidade para regular a xestión do común.⁷⁹

2.1.2 Montes de varas

O outro gran tipo de monte de propiedade veciñal son os chamados montes de varas ou de voces. Ao igual que nos montes en man común, o usufructo destes é desfrutado por pola comunidade, coa diferenza de que esta comunidade xa non se corresponde na súa totalidade co concepto de veciñanza entendido como simple habitación do terriro. Pola contra, o acceso a estes montes é determinado pola linaxe ou familia que marca unhas condicións de acceso que son hereditarias e enaxenables, podendo ser vendidas ou cedidas.⁸⁰ Era un sistema menos igualitario, que reflexaba nos dereitos sobre o común a propia desigualdade interna dos campesiños como clase social. Cabe supoñer que resultaba nas zonas nas que

⁷⁵ FERNANDEZ LEICEAGA, Xaquín; *et al.* (2006), *Os montes veciñais en man común. O patrimonio silente. Natureza, economía, identidade e democracia na Galicia rural*, Vigo, Xerais, pp. 25.

⁷⁶ SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto (1996), *Das casas de morada ao monte comunal*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, pp. 341.

⁷⁷ REY CASTELAO Ofelia (2004), “Montes, bosques y zonas comunales. Aprovechamientos agrícola-ganaderos, forestales y cinegéticos” en ARANDA PÉREZ, Francisco José, *El mundo rural en la España moderna. VII Reunión Científica de la Fundación Española de Historia Moderna*, Vol. 2, Cuenca, Universidad de Castilla la Mancha, pp. 922.

⁷⁸ SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto (1996), *Das casas de morada ao monte comunal*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, pp. 343.

⁷⁹ FERNANDEZ LEICEAGA, Xaquín; *et al.* (2006), *Os montes veciñais en man común. O patrimonio silente. Natureza, economía, identidade e democracia na Galicia rural*, Vigo, Xerais, pp. 25.

⁸⁰ SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto (1996), *Das casas de morada ao monte comunal*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, pp. 342.

predominaba esta forma de aproveitamento en sociedades rurais moito menos cohesionadas internamente.⁸¹

Ao igual que nos montes en man común, os montes de voces estaban abertos e indivisos, sendo libre a recolleita de leña e o pasto. Porén, a diferenza comeza no momento de realizar a parcelación do monte para estivar, proceso en que a distribución do terreo e o tamaño das parcelas dependería das cotas que tiña asignadas cada usuario.⁸² Este era, como é evidente, un sistema moito máis desigual. A pertenza á comunidade que xestiona e desfruta plenamente do monte xa non se define exclusivamente mediante o concepto de veciñanza, coas connotacións igualitaristas que isto comportaba no caso dos montes en man común, senón que se define fundamentalmente pola existencia de cotas e dereitos individuais. Sobre a adjudicación destas cotas actúan outros dous mecanismos fundamentais que a definen dun xeito homólogo ás formas máis convencionais de propiedade privada, a familia e o mercado, que constitúen as dúas únicas vías para a obtención dunha cota, a herencia ou a compra. Estamos, polo tanto, ante unha forma de propiedade que poderíamos calificar como a medio camiño entre a propiedade común do monte de veciños e a propiedade privada plena da que se diferencia, non esquezamos, pola presenza de dereitos comúns a toda a veciñanza en canto ao pasto ou á colleita de leña. Non podemos deixar de sinalar tamén a existencia de outras formas de propiedade común regulada mediante cotas na Península, como é o caso dos montes de socios no norte de Castela. Con todo, a diferenza dos montes de varas, esta forma de propiedade tería a súa orixe, antes que no dereito consuetudinario, na resposta campesiña á reforma liberal, sendo, xeralmente, froito das sociedades creadas para comprar os montes desamortizados ou sacados ao mercado tras a abolición dos señoríos.⁸³

A nivel territorial, o predomínio desta forma de propiedade radicou, fundamentalmente, na metade septentrional do país, cunha fronteira que, para finais do século XVIII e comezos do XIX trazaría un eixo entre a desembocadura do río Ulla, Dozón e Pedrafita, pero que se tería repregado progresivamente cara o nortdeste ata limitarse, xa na segunda metade do XX ao extremos nordés da actual provincia de Lugo.⁸⁴ Cabe sinalar, polo tanto que o núcleo principal desta forma de propiedade se atopou sempre, precisamente, na

⁸¹ SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto (1996), *Das casas de morada ao monte comunal*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, pp. 343.

⁸² FERNANDEZ LEICEAGA, Xaquín; *et al.* (2006), *Os montes veciñais en man común. O patrimonio silente. Natureza, economía, identidade e democracia na Galicia rural*, Vigo, Xerais, pp. 25.

⁸³ MONTIEL MOLINA, Cristina (2005), “Los montes de socios. Un problema territorial de difícil gestión”, *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, N.º. 40, pp. 185.

⁸⁴ BOUHIER, Abel (2001), *Galicia, ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*, Volume XVI, Tomo II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 792.

área na que a dependencia do monte era maior e máis forte.⁸⁵ Así como a área na que a existencia de estivadas se atopaba máis extendida. A orixe desta forma de propiedade tan particular tense relacionado cos repartos de terras realizados mediante os foros. E, se ben é certo que os montes de varas van a estar sometidos ao pago de cargas, parece difícil xustificar a orixe deste tipo de propiedade exclusivamente na existencia de aforamentos dos dereitos sobre o monte e o posterior reparto hereditario destes. Neste sentido, tanto Saavedra como Bouhier concordan en interpretar a existencia de foros sobre o monte como unha superposición deste réxime de colonato sobre unha realidade preexistente.⁸⁶ Bouhier chega mesmo a teorizar sobre a orixe da propiedade de voces en modelos sociais altomedievais nos que os lazos familiares se impoñen sobre os territoriais,⁸⁷ tese que, por outra banda, semella difícil de comprobar dende o punto de vista documental. Polo xeral, o feito de que as normas sobre as que se asenta a propiedade de varas sexa eminentemente consuetudinaria, escurece profundamente as súas orixes.

2.2 Evolución xurídica

Coa chegada do réxime liberal ao estado español, a propiedade veciñal do monte verase desprovista de articulación xurídica, deixando ás comunidades que dependían deste monte nun ambiente de desprotección. O real decreto do 14 de xaneiro de 1812 divide os montes en privados e públicos adscribindo o monte galego ao público e negando así a posibilidade dunha propiedade veciñal dos mesmos.⁸⁸ Con isto comeza un proceso de asunción, por parte do estado liberal, da propiedade do monte que culminará na real orde do

⁸⁵ REY CASTELAO Ofelia (2004), “Montes, bosques y zonas comunales. Aprovechamientos agrícola-ganaderos, forestales y cinegéticos” en ARANDA PÉREZ, Francisco José, *El mundo rural en la España moderna. VII Reunión Científica de la Fundación Española de Historia Moderna*, Vol. 2, Cuenca, Universidad de Castilla la Mancha, pp.920.

⁸⁶BOUHIER, Abel (2001), *Galicia, ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*, Volume XVI, Tomo II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 793-794; SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto (1996), *Das casas de morada ao monte comunal, Santiago de Compostela*, Xunta de Galicia, pp. 341.

⁸⁷ Non podemos deixar de notar que diversos medievalistas ao longo da década de 1970 defenderon a pervivencia de estruturas de carácter clánico e familiar de orixe prerromana no norte da Península ata a Alta Idade Media. Este é o caso da xa clásica obra de Abilio Barbero, Marcelo Vigil Pascual, *La formación del feudalismo en la Península Ibérica*. Con todo, esta tese, que ten sido moi matizada posteriormente, semella difícil de soste para zonas tan fortemente transformadas pola romanización como o centro da provincia de Lugo, zona de predominio do monte de varas.

⁸⁸ BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (2000), “Al margen de la ley, la defensa de los montes vecinales en Galicia (1848-1968)” en SALUSTIANO DE DIOS, Javier Infante e RICARDO ROBLEDO, Eugenia Torijano, *Historia de la propiedad en España, Bienes comunales, pasado y presente*, Salamanca, Centro de estudios registrales, pp. 461.

22 de maio de 1848, que sanciona dun xeito definitivo que non hai diferenza entre montes dos pobos e dos veciños, responsabilizando aos novos concellos liberais da xestión dos montes.⁸⁹ A partir deste momento e ata a segunda metade do século XX o monte galego vai a quedar á marxe de calquera sanción legal, nunha existencia só *de facto* que a lexislación descoñece. Durante este tempo, a xurisprudencia vai ser a única vía de preservación da figura xurídica do monte veciñal. As numerosas sentencias que tanto os tribunais galegos como o Tribunal Supremo dictan ao redor do tema van a ser, na práctica, as que configuren a natureza xurídica do monte galego en man común.⁹⁰ A importancia destas sentencias vai a ser tan grande que algún autor mesmo ten chegado a soste que o monte en man común non é máis que unha invención da xurisprudencia que regula como veciñal o que noutros territorios se tiña considerado de propiedade municipal, extremo xeralmente negado pola bibliografía.⁹¹ En definitivas contas, os tribunais terían contribuído en gran medida a preservar o dereito consuetudinario, feito que facilitaría en boa medida a acción lexislativa posterior.

O recoñecemento legal será, como xa dixemos, serodio. A primeira lei que recolle esta figura é a Lei de montes de 1957, sen embargo, haberá que agardar a 1963 para que a Lei 147/1963, do 2 de decembro, dote á figura de contido cunha regulación inda esquemática da xestión destes montes,⁹² e inda a 1968 para que apareza a primeira lei reguladora dos mesmos.⁹³ Estas leis recoñecen o monte como unha comunidade xermánica en propiedade privada dos veciños.⁹⁴ Isto equipara os montes galegos dun xeito definitivo cunha propiedade privada rematando tanto coa situación de alegalidade do monte como co seu carácter de anomalía xurídica dentro dun ordeamento que pretendía establecer unha distinción nítida entre público e privado. Esta vai a ser, así mesmo, unha das diferenzas xurídicas máis destacables coa codificación xurídica doutros casos análogos como o portugués, onde o ordeamento xurídico vixente acepta a existencia de propiedade social e cooperativa diferente

⁸⁹ BALBOA LÓPEZ, Xesús; ARTIAGA REGO, María Aurora (1992), “La individualización de la propiedad colectiva. Aproximación e interpretación del proceso en los montes vecinales de Galicia”, *Agricultura y sociedad*, N° 65, pp. 107.

⁹⁰ REBOLLEDO VARELA, Ángel Luis (1997), “Algúns aspectos do réxime xurídico de montes en man común”, *Revista Galega de Administración Pública*, Vol 1, N° 17, pp. 68.

⁹¹ BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (2000), “Al margen de la ley, la defensa de los montes vecinales en Galicia (1848-1968)” en SALUSTIANO DE DIOS, Javier Infante e RICARDO ROBLEDO, Eugenia Torijano, *Historia de la propiedad en España, Bienes comunales, pasado y presente*, Salamanca, Centro de estudios registrales, pp. 455.

⁹² REBOLLEDO VARELA, Ángel Luis (1997), “Algúns aspectos do réxime xurídico de montes en man común”, *Revista Galega de Administración Pública*, Vol 1, N° 17, pp. 68.

⁹³ FERNANDEZ LEICEAGA, Xaquín; *et al.* (2006), *Os montes veciñais en man común. O patrimonio silente. Natureza, economía, identidade e democracia na Galicia rural*, Vigo, Xerais, pp. 21.

⁹⁴ *Ibidem*, pp. 21.

tanto da privada como da estatal, tipoloxía na que quedan inseridos os baldíos lusos.⁹⁵ Con todo, a súa clasificación dentro da propiedade privada segue a resultar certamente problemática ao estar dotados os montes veciñais de características tais como a indivisibilidade, inalienabilidade, imprescritibilidade e inembargabilidade,⁹⁶ que os separan, ao noso entender, das formas de propiedade privada máis clásicas.

En recapitulación, cabe sinalar que o encaixe dos montes veciñais en man común no ordeamento xurídico e institucional do estado español vai a ser extremadamente serodio. Malia a contar estes cunha certa protección legal emanada da xurisprudencia dos tribunais tanto galegos como estatais, isto non vai ser abondo como para asegurar a pervivencia das formas de propiedade consuetudinarias do monte e, polo tanto, as relacións sociais e de produción que estas sostían. Este feito marcará, como veremos a continuación, a ruptura das formas tradicionais de aproveitamento do monte e a intervención cada vez máis directa e intensa de presións alleas á comunidade.

3. O proceso de disolución do monte comunal

Coa chegada da Idade Contemporánea, imporase no estado español un novo réxime social e un novo ordeamento xurídico que nacen da revolución liberal. Isto sinala, no tocante ao tema aquí tratado, un momento de fonda ruptura nas relacións da veciñanza co monte, marcadas, ata agora, pola racionalidade colectiva e a relativa autonomía da comunidade. A ideoloxía liberal, que buscaba unha diferenciación clara entre a propiedade pública e a privada, motivará, como xa sinalamos, numerosas accións legislativas co obxectivo de rematar coa existencia da propiedade comunal. Motivación á que, á súa vez, se uniron ao longo do século XIX outras necesidades de tipo económico ou facendístico que explicarán a acción desamortizadora dos sucesivos gobernos liberais.

Malia a que, nun primeiro momento, este empeño desamortizador fracasará dunha forma estrepitosa, sendo incapaz de substar máis que unha ínfima parte do monte veciñal, será o comezo dun século de inseguridade tanto xurídica como material para a propiedade vceciñal dos montes e os usos que desta derivaban, feito que porá en perigo a propia

⁹⁵ COPENA RODRÍGUEZ, Damián (2018), “Montes Veciñais en Man Común e Baldios. Unha análise comparativa das propiedades comunitarias de Galicia e Portugal”, *Sémata. Ciencias sociais e humanidades*, N° 30, pp. 89.

⁹⁶ *Ibidem*, pp. 69.

existencia das comunidades campesiñas que, como xa sinalamos, dependían destes mesmos usos para o mantemento da actividade agraria. Este período, que se alongará dende a promulgación da Lei Madoz no 1855 ata a Lei de Montes de 1957, motivará distintas reaccións por parte dos labregos, tanto dun xeito individual como colectivo que buscan o mantemento dos usos tradicionais deste monte, mesmo en moitos casos a conta do carácter colectivo da súa propiedade.

3.1 As desamortizacións do XIX

A desamortización de bens do estado comezará coa lei de 1855, coñecida como Lei Madoz. Con todo, no territorio galego, vaise saldar cun contundente fracaso. Isto deberase, en primeiro lugar á falta de coñecemento do territorio por parte da administración. Así os catálogos de montes só conseguirán recoller 304.980 hectáreas das cerca de dous millóns realmente existentes en Galicia.⁹⁷ Esta fonda deficiencia na catalogación do monte común pode explicarse, para o conxunto do estado, polo curto prazo e os escasos recursos cos que foi elaborado o catálogo, ao que hai que engadir, para caso galego, a difícil xeografía e parcelación da terra, que fai depender aos técnicos dos informes enviados por uns concellos que non amosan ningún interese na xestión das desamortizacións.⁹⁸ Estes factores resultan nun catálogo que non chega a abranguer nin o 20% do total do monte veciñal. Con todo, a inclusión no catálogo do monte e a súa saída a subasta tampouco implicou, necesariamente, a súa venda, pois a presión dos veciños e a falta de compradores fará que, na práctica, menos do 1% da superficie desamortizable fose realmente vendida.⁹⁹ Moitas das subastas van ser declaradas desertas, feito que contrasta coa concurrencia daquelas feitas con terreos da coroa ou de institucións eclesiásticas.¹⁰⁰ Este desinterese dos posibles compradores puido ter obedecido, en primeiro lugar á resistencia dos labregos, que vai facer difícil a toma de

⁹⁷ BALBOA LÓPEZ, Xesús e ARTIAGA REGO, María Aurora (1992), “La individualización de la propiedad colectiva. Aproximación e interpretación del proceso en los montes vecinales de Galicia”, *Agricultura y sociedad*, N° 65, pp. 108.

⁹⁸ BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (2000), “Al margen de la ley, la defensa de los montes vecinales en Galicia (1848-1968)” en SALUSTIANO DE DIOS, Javier Infante e RICARDO ROBLEDO, Eugenia Torijano, *Historia de la propiedad en España, Bienes comunales, pasado y presente*, Salamanca, Centro de estudios registrales, pp. 469.

⁹⁹ BALBOA LÓPEZ, Xesús e ARTIAGA REGO, María Aurora (1992), “La individualización de la propiedad colectiva. Aproximación e interpretación del proceso en los montes vecinales de Galicia”, *Agricultura y sociedad*, N° 65, pp. 108.

¹⁰⁰ BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (2000), “Al margen de la ley, la defensa de los montes vecinales en Galicia (1848-1968)” en SALUSTIANO DE DIOS, Javier Infante e RICARDO ROBLEDO, Eugenia Torijano, *Historia de la propiedad en España, Bienes comunales, pasado y presente*, Salamanca, Centro de estudios registrales, pp. 475

posesión efectiva destas terras, pero, quizás, tamén polo temor dos propios compradores, na súa maioría rendistas, a ver desplomarse as súas rendas ao facer, a desaparición do monte, decrecer os rendementos da terra cultivada polos seus foreiros.¹⁰¹

Para 1862 impórnanse por decreto novas condicións para exceptuar da venda os montes, froito do descontento do estado cos resultados da lei do 55. Isto produce unha redución radical dos montes exceptuados da desamortización que obrigará a moitos concellos a incoar expedientes. Estes informes serán un bo testimonio do grao de consenso interclasista que suscita a defensa do monte, contando, non só co apoio dos labregos, senón tamén dos concellos e das catro deputacións.¹⁰² Con todo, estes expedientes non lograrán convencer ao estado da necesidade de manter a propiedade veciñal do monte, pero si lograrán evitar a súa desamortización. Isto débese a que estes informes non serán resoltos, sendo moitos deles devoltos aos concellos na década de 1880, reclamando que se axustasen aos contidos legais exixidos. Por norma xeral despois da década de 1890 non se volta a ter noticia dos informes, malia a que nalgún concello seguen a devolverse informes inda en 1915.¹⁰³ Isto significa que, se ben os montes non son vendidos, tampouco son exceptuados da desamortización, ficando nunha situación de perigosa alegalidade.

Finalmente, cabe destacar o papel das clases rendistas, fundamentalmente fidalgos e burgueses, que copaban os cargos da administración local e provincial na defensa dun monte do que eles mesmos dependían indirectamente.¹⁰⁴ Isto amósanos como a propiedade veciñal, malia o seu carácter, en moitos casos, formalmente igualitario, sustentaba unha sociedade fondamente desigual en cuxa defensa van participar non só os labregos directamente dependentes do monte, senón tamén as clases que viven dun xeito indirecto das actividades agrarias realizadas polos labregos.

3.2 As repoboacións dos distritos forestais

En paralelo á xeira desamortizadora, vaise abrir unha segunda vía de intervención do estado no monte, a do uso forestal dos amplos terreos que a desamortización deixara incólumes e,

¹⁰¹ BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (2000), “Al margen de la ley, la defensa de los montes vecinales en Galicia (1848-1968)” en SALUSTIANO DE DIOS, Javier Infante e RICARDO ROBLEDO, Eugenia Torijano, *Historia de la propiedad en España, Bienes comunales, pasado y presente*, Salamanca, Centro de estudios registrales, pp. 476.

¹⁰² *Ibidem*, pp. 471.

¹⁰³ *Ibidem*, pp. 472-474.

¹⁰⁴ *Ibidem*, pp. 476.

legalmente, en mans dos concellos. Estas repoboacións sustentaríanse xuridicamente en base á lei de montes de 1863 e sería levada a cabo polo Ministerio de Fomento mediante o Corpo de Enxeñeiros de Montes.¹⁰⁵ Este corpo, creado por real orde o primeiro de outubro de 1853, comezará a actuar mediante a creación de distritos forestais con planificación anual a partir de 1863, malia a que a súa actividade non- será regular ata os anos 1873 e 1874 coa consolidación do réxime restaurador.¹⁰⁶

Esta repoboación será o comezo dun longo conflito no que se enfrontan dúas visións contrapostas da utilidade que debe ter o monte. A dos enxeñeiros que ven nel un potencial forestal infrautilizado e un terreo dilapidado polos campesiños e a dos agricultores que teñen no monte un soporte imprescindible para o mantemento do seu modo de vida.¹⁰⁷ Con todo, cabe destacar que o balance desta repoboación será, ao igual que coa desamortización, un fracaso profundo. Isto débese ao feito de que as repoboacións forestais espertarán a oposición dunha coalición de grupos sociais e institucións de goberno local semellante á que xa espertara a Lei Madoz.¹⁰⁸ O consenso social na defensa dos usos tradicionais do monte segue actuando ata ben entrado o século XX. Foi, por exemplo, relativamente común ver aos alcaldes negarse a identificar os montes, rexeitar a súa existencia ou excusarse en enfermidades para non acudir ás identificacións.¹⁰⁹

Isto fará que, pouco a pouco, o corpo de enxeñeiros entre nun estado de pasividade no que os plans forestais se transforman en simples trámites burocráticos cuxos contidos se repiten ano tras ano sen variación e sen aplicación real.¹¹⁰ Con isto, o plan de aproveitamento do monte mediante a creación de distritos forestais fracasa, ao igual que a desamortización, non por cambios políticos que fagan ao estado renunciar a estas medidas, senón, pola propia falta de concordancia entre estas medidas e a realidade material existente. Isto crea unha

¹⁰⁵ BALBOA LÓPEZ, Xesús e ARTIAGA REGO, María Aurora (1992), “La individualización de la propiedad colectiva. Aproximación e interpretación del proceso en los montes vecinales de Galicia”, *Agricultura y sociedad*, Nº 65, pp. 110.

¹⁰⁶ BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (2000), “Al margen de la ley, la defensa de los montes vecinales en Galicia (1848-1968)” en SALUSTIANO DE DIOS, Javier Infante e RICARDO ROBLEDO, Eugenia Torijano, *Historia de la propiedad en España, Bienes comunales, pasado y presente*, Salamanca, Centro de estudios registrales, pp. 477-478.

¹⁰⁷ BALBOA LÓPEZ, Xesús e ARTIAGA REGO, María Aurora (1992), “La individualización de la propiedad colectiva. Aproximación e interpretación del proceso en los montes vecinales de Galicia”, *Agricultura y sociedad*, Nº 65, pp. 110.

¹⁰⁸ BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (2000), “Al margen de la ley, la defensa de los montes vecinales en Galicia (1848-1968)” en SALUSTIANO DE DIOS, Javier Infante e RICARDO ROBLEDO, Eugenia Torijano, *Historia de la propiedad en España, Bienes comunales, pasado y presente*, Salamanca, Centro de estudios registrales, pp. 479.

¹⁰⁹ *Ibidem*, pp. 479-481.

¹¹⁰ BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (1990), *O monte en Galicia*, Vigo, Xerais, pp. 205.

situación de distanciamento entre a realidade e o ordeamento xurídico que, malia a que non remata coa ameaza aos usos tradicionais do monte, si deixa espazo abondo como para a súa reprodución.

3.3 As partillas e a individualización do monte

Malia a este contundente fracaso tanto das desamortizacións, como das repoboacións forestais á hora de rematar co carácter veciñal do monte galego, estes, unidos á susodita falta de correspondencia da realidade material co ordeamento xurídico, van a conducir a unha centuria de fonda inseguridade para as comunidades rurais que dependían para a súa subsistencia de asegurar o carácter veciñal do monte e do mantemento dos seus usos tradicionais. Esta debeu conducir ás comunidades labregas a unha certa sensación de asedio aos seus montes, feito que explicará a reacción xeralizada destas emprendendo un proceso de apresamentos e repartos do monte que se explica como resposta, individual ou colectiva, á situación de asedio na que se atopaban.

Este proceso individualizador atravesará dúas fases. Unha primería na que os apresamentos de terra se realizan dun xeito individual, cunha certa resistencia inda das comunidades, do que da conta a proliferación de preitos contra apresamentos individuais dende a década de 1870 ata comezos do XX, e unha segunda fase na que os apresamentos se fan xeralizados e a propia comunidade opta polo camiño do reparto colectivo.¹¹¹ O repartos vanse realizar, maioritariamente, mediante a división do monte en longas tiras de terra que se reparten dun xeito igualitario nos montes en man común ou en función das cotas nos de varas. En moitos casos, esta división farase dentro de cada unha das tenzas delimitadas no monte para estivada, e noutros casos, mesmo se chegarán a empregar para o reparto as propias divisións realizadas para as estivadas.¹¹² Estes repartos fanse na lóxica da plurifuncionalidade propia dos usos tradicionais do monte que reclamaba numerosas parcelas de escaso tamaño e diferente adicación, pero deixarán como consecuencia unha

¹¹¹ BALBOA LÓPEZ, Xesús e ARTIAGA REGO, María Aurora (1992), “La individualización de la propiedad colectiva. Aproximación e interpretación del proceso en los montes vecinales de Galicia”, *Agricultura y sociedad*, Nº 65, pp. 112-113

¹¹² BOUHIER, Abel (2001), *Galicia, ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*, Volume XVI, Tomo II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 761-773.

hiperparcelación do monte en fincas pequenas e difíciles de empregar e cunha perigosa desorganización.¹¹³

O reparto comezará a partir da década de 1860, momento no que as comunidades comezan a tomar conciencia da inseguridade na que se atopa o monte fronte ás desamortizacións. Este alongarase ata mediados do século XX, malia a que para a década de 1930 a maioría do monte xa se atopa dividido en parcelas, ben por apresamentos individuais, ben por repartos acordados pola comunidade. Estas parcelacións terían afectado a cerca de 1.500.000 hectáreas fronte ás 630.000 hectáreas que retiveron a súa propiedade comunal ata a os nosos días.¹¹⁴

Este proceso individualizador vai ser o principal mecanismo de defensa dos agricultores fronte ao estado de inseguridade no que caen os montes veciñais a partir do comezo de século XIX e o que toman conciencia a partir do proceso de desamortización que forza ás comunidades á defender, por vez primeira, a utilización dos seus montes.¹¹⁵ Este carácter reactivo, supón, dun xeito certamente paradoxal, que a individualización do monte debe ser entendida, ante todo, como unha defensa do carácter veciñal da propiedade do monte a costa de sacrificar o seu carácter comunal. É dicir, que a individualización tería sido unha estratexia destinada a asegurar a permanencia da propiedade en mans da veciñanza fronte á ameaza continua que supoñen, dende 1860, as inxerencias extracomunitarias.

Coa definitiva individualización dos montes vaise a producir o que é o cambio de maior importancia culitativa nos usos do monte, o comezo da repoboación privada con piñeiros. Malia a ser o *Pinus Pinaster* coñecido xa dende o século XVIII, vai ser coa individualiación do monte a partir da década de 1860 que se difunda a súa plantación en fincas privadas.¹¹⁶ Esta repoboacións medraran dende o litoral cara a costa chegando, para a década de 1920, a abarcar entre 30 e 50 mil hectáreas, fomentadas polo crecemento dunha industria madeireira galega.¹¹⁷ Con todo, estas plantacións, tiveron un carácter limitado e

¹¹³ BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (2008), “Da cultura do lume á barbarie incendiaria” en AXEITOS AGRELO, Xosé Luis; GRANDÍO SEOANE, Emilio; VILLARES PAZ, Ramón (eds.), *A patria enteira. homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 826-827

¹¹⁴ *Ibidem*, pp. 825.

¹¹⁵ BALBOA LÓPEZ, Xesús; ARTIAGA REGO, María Aurora (1992), “La individualización de la propiedad colectiva. Aproximación e interpretación del proceso en los montes vecinales de Galicia”, *Agricultura y sociedad*, N° 65, pp. 112.

¹¹⁶ FERNÁNDEZ LEICEAGA, Xaquín; *et al.* (2006), *Os montes veciñais en man común. O patrimonio silente. Natureza, economía, identidade e democracia na Galicia rural*, Vigo, Xerais, pp. 48.

¹¹⁷ *Ibidem*, pp. 48

complementario cos usos tradicionais, polo que non deben ser entendidas como unha ruptura do sistema agrogandeiro tradicional, senón como un complemento a este.¹¹⁸ Por outra parte, a apertura dunha vía de ingresos monetarios alternativa resulta unha estratexia certamente lóxica nun sistema agrario fundamentalmente orientado ao autoconsumo e no que a obtención de ingresos en moeda resultaba relativamente difícil.

3.4 As repoboacións no franquismo

Co golpe de estado de 1936 a instauración da ditadura franquista vaille dar un novo pulo á ofensiva do estado para facer efectivo o seu control da propiedade do monte veciñal. Para isto, a diferenza das administracións anteriores, o réxime franquista, contará coa capacidade coercitiva propia dun estado totalitario do século XX.¹¹⁹ O franquismo vai marcar un punto de inflexión radical na historia do monte galego, comezando un proceso de desartellamento dos seus usos tradicionais que, nalgúns zonas, mesmo conducirá á parálise do conxunto do sistema agrario. Malia a que as principais ferramentas xurídicas e institucionais que vai empregar a repoboación forestal preceden á ditadura, vai ser a partir de 1939 que comece a auténtica reforestación xeralizada no monte galego. Inda que xa dende o decreto lei de repoboación do 26 de xullo de 1926 comezara a preparación dun ambicioso plan de reforestación buscaba aumentar a produción de madeira, na práctica, entre 1910 e 1936 non se chegaron a superar as 12.000 hectáreas reforestadas.¹²⁰ Cifra que palidece fronte as repoboacións posteriores a 1939.

Se ben en termos cuantitativos ambas oleadas reforestadoras son dificilmente comparables, si cabe destacar que a ditadura franquista vai herdar deste primeiro plan o mecanismo xurídico fundamental a partir do cal o estado adquira o control necesario sobre o monte veciñal, o consorcio. Este contrato aparece xa dende o decreto de 1926 como forma de solventar a anemia de montes de propiedade estatal e consistirá nun contrato entre a administración e os concellos, incluíndo tamén, en ocasións, á deputación provincial

¹¹⁸ FERNÁNDEZ LEICEAGA, Xaquín; *et al.* (2006), *Os montes veciñais en man común. O patrimonio silente. Natureza, economía, identidade e democracia na Galicia rural*, Vigo, Xerais, pp. 50-51

¹¹⁹ SOTO FERNÁNDEZ, David e FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (2004), “Política forestal e conflictividade nas terras comunais de Galiza durante o Franquismo. 1939-1975” en FREIRE, Dulce; FONSECA, Inês e GODINHO, Paula (coords.), *Mundo Rural. Transformação e resistência na Península Ibérica. Século XX*, Lisboa, Edições Colibri, pp. 229.

¹²⁰ RICO BOQUETE, Eduardo (2019), “La repoblacion forestal pública en Galicia durante el siglo XX” en DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, Francisco (coord.), *O Antropoceno e a «Grande Aceleración». Unha ollada desde Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 113.

competente.¹²¹ Para 1974 cerca de 475.000 hectáreas de monte se atopan baixo esta figura, polo que abarcarían a ampla maioría das perto de 650.000 hectáreas de monte veciñal existente na actualidade.¹²² Estes consorcios terán como consecuencia a marxinación da comunidade na toma de decisións a creca da xestión do monte.¹²³ A outra gran ferramenta institucional fundamental na empresa reforestadora da ditadura vai ser o Patrimonio Forestal do Estado. Creada o 9 de outubro de 1935, inda que refundada posteriormente, será a axencia fundamental para o desenvolvemento do plan de repoboación forestal.¹²⁴

Coa orde do 21 de xuño de 1938 dase comezo á elaboración dun Plan Xeral de Repoboación Forestal de España, co obxectivo de cumprir o que xa era un dos puntos programáticos da Falanxe.¹²⁵ Coa lei do 8 de novembro de 1939 dase o visto bo a un Plan Extraordinario de Traballos Forestais para os anos 1939 e 1940 cun presuposto de 34 millóns de pesetas. O obxectivo fundamental destes plans vai ser acadar a autarquía no sector madeireiro, con todo, máis adiante cando a situación obrigue a abandonar a autarquía intransixente, mudarase este discurso por outro sobre as posibilidades que tiña a explotación forestal dentro dun mercado europeo deficitario de madeira.¹²⁶ Estes obxetivos van imprimir, nas repoboacións, un marcado carácter productivista e extractivo, mesmo contravindo a opinión dos técnicos e os propios plans forestais.¹²⁷ Na práctica, malia á proposta dos técnicos de crear múltiples masas forestais con distintas especies, rematará por imporse a plantación masiva de árbores de ciclo curto, fundamentalmente piñeiro, destacando as variedades pinaster e insignis, hai tamén plantacións como a acacia e o eucalipto moito máis marxinais, o resto de plantacións teñen un carácter testemuñal e en ningún caso aparecen frondosas

¹²¹ RICO BOQUETE, Eduardo (1995), *Política forestal e repoboacións en Galicia. 1941-1971*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 51-52.

¹²² SOTO FERNÁNDEZ, David e FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (2004), “Política forestal e conflictividade nas terras comunais de Galiza durante o Franquismo. 1939-1975” en FREIRE, Dulce; FONSECA, Inês e GODINHO, Paula (coords.), *Mundo Rural. Transformação e resistència na Península Ibérica. Século XX*, Lisboa, Edições Colibri, pp. 233.

¹²³ FERNÁNDEZ LEICEAGA, Xaquín; et al. (2006), *Os montes veciñais en man común. O patrimonio silente. Natureza, economía, identidade e democracia na Galicia rural*, Vigo, Xerais, pp. 66.

¹²⁴ RICO BOQUETE, Eduardo (1995), *Política forestal e repoboacións en Galicia. 1941-1971*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 47.

¹²⁵ RICO BOQUETE, Eduardo (2019), “La repoblacion forestal pública en Galicia durante el siglo XX” en DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, Francisco (coord.), *O Antropoceno e a «Grande Aceleración». Unha ollada desde Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 115.

¹²⁶ *Ibidem*, pp. 115.

¹²⁷ Os propios autores do Plan Xeral de Repoblación Forestal de España, os enxeñeiros Luis Ceballos e Joaquín Ximénez de Embún afirmarían que a reforestación das terras galegas con árbores como o piñeiro era “error y un dolor.” RICO BOQUETE, Eduardo (2019), “La repoblacion forestal pública en Galicia durante el siglo XX” en DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, Francisco (coord.), *O Antropoceno e a «Grande Aceleración». Unha ollada desde Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 118.

autóctonas.¹²⁸ Estas repoboacións, malia a que son relativamente modestas na década de 1940, van aumentar exponencialmente a partir do ano 1952 ata superar, en total, as 400.000 hectáreas repoboadas, malia a producirse unha certa desaceleración cara a década de 1960.¹²⁹

Estas repoboacións van representar, na práctica, unha expropiación efectiva dos montes veciñais que, malia a non ser recoñecidos legalmente como tais dende o comezo do século XIX, seguían a ser xestionados na práctica pola comunidade como se o fosen.¹³⁰ A súa plantación con árbores suporá, para os veciños, a imposibilidade de recoller toxo, apacentar o gando ou recoller leña.¹³¹ Así mesmo, unidas ás plantacións realizadas de xeito individual,¹³² van dar lugar a un profundo cambio na paisaxe agraria galega na que a masa forestal comeza a ocupar unha porcentaxe crecente do territorio. Isto suporá, para moitas comunidades, a fin dos aproveitamentos tradicionais do monte que conducirá á parálise e á esclerose do conxunto do sistema agrario.¹³³

3.4.1 Resistencia e conflictividade social

As repoboacións supoñen, en definitivas contas, un conflito entre o estado e os labregos, con intereses diferentes que se encarnan en visións do monte contrapostas. O desprezo do estado cara a utilización agraria do monte polo labrego, que ve como un síntoma de atraso e rudeza, chocará cunhas comunidades que precisaban desta para a súa supervivencia.¹³⁴ Esta usurpación do monte veciñal por parte do estado franquista vai xerar, malia á capacidade coercitiva deste, importantes episodios de protesta e resistencia veciñal, que resultan inda máis notables se temos en conta o clima represivo e o desartellamento do tecido asociativo

¹²⁸ RICO BOQUETE, Eduardo (1995), *Política forestal e repoboacións en Galicia. 1941-1971*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 108-109.

¹²⁹ BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (1990), *O monte en Galicia*, Vigo, Xerais, pp. 303.

¹³⁰ SOTO FERNÁNDEZ, David e FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (2004), “Política forestal e conflictividade nas terras comunais de Galiza durante o Franquismo. 1939-1975” en FREIRE, Dulce; FONSECA, Inês e GODINHO, Paula (coords.), *Mundo Rural. Transformação e resistència na Península Ibérica. Século XX*, Lisboa, Edições Colibri, pp.233.

¹³¹ RICO BOQUETE, Eduardo (2000), “Política forestal y conflictividad social en el noroeste de España durante el primer franquismo. 1939-1959” *Historia social*, N° 38, pp. 117-140.

¹³² Cabe non esquecermos que, en paralelo ás repoboacións realizadas polo Patrimonio Forestal do Estado, proseguen as repoboacións feitas polos veciños nas súas fincas privadas. Estas gardarian unha proporción de entre un 30% e un 50% coas consorciadas, ascendendo, para 1972, o conxunto de ambas formas de repoboación ás 751.971 hectáreas. BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (1990), *O monte en Galicia*, Vigo, Xerais, pp. 303.

¹³³ BOUHIER, Abel (2001), *Galicia, ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*, Volume XVI, Tomo II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 759.

¹³⁴ CABANA IGLESIA, Ana (2007), “Los incendios en el monte comunal gallego. Lugo durante el primer franquismo”, *Historia agraria. Revista de agricultura e historia rural*, N° 43, pp. 557-558.

agrarista que causa a Guerra Civil.¹³⁵ Esta oposición vai adoptar diversos mecanismos de actuación, en moitos casos simultaneos, que van dende o recurso directo á xustiza, coa interposición de preitos contra o estado,¹³⁶ ata formas de resistencia de carácter ilegal como a sabotaxe directo das plantacións. Moitas destas formas coinciden co que James C. Scott denominou como as *armas dos febles*. É dicir, formas de resistencia baseadas na cotidianidade, que non supoñen unha rebelión aberta contra a autoridade, senón unha resistencia a esta.¹³⁷ Esta resistencia non buscaría a confrontación simbólica co poder nin unha mudanza profunda neste, pero non cabe subestimar a súa importancia como forma de canalización do descontento, nin como forma de aliviar os aspectos máis gravosos do exercicio deste poder. Con todo, non todos os mecanismos de resistencia despregados polo campesiñado galego corresponden, exclusivamente, con estas armas dos febles, manifestándose, en moitos casos, mediante mecanismos legais ou rebelións abertas nas que o recurso ás armas dos febles sería un complemento e non o mecanismo principal de resistencia.

O campesiñado actuará, dun xeito habitual, dificultando o exercicio de Patrimonio Forestal con numerosos mecanismos paralegais. Unha das ferramentas máis comúns de destrución da masa forestal foi o apacentamento do gando, especialmente o menor, nos terreos recentemente reforestados.¹³⁸ Con todo, o recurso a métodos inda máis expeditivos como a protesta violenta tampouco foron anómalos.¹³⁹ Chegando, nalgún caso, ao enfrontamento aberto coa Guardia Civil, no que se producen mortes.¹⁴⁰ Un mecanismo especial polo seu carácter fondamente debastador nesta guerra contra as repoboacións vai ser o lume. Como xa temos sinalado, ata este período, o lume aparecera no monte fundamentalmente como ferramenta agrícola, non como arma destructiva. Malia a que xa hai precedentes do seu uso na conflictividade social vencellada ao intervencionismo forestal da monarquía borbónica no século XVIII, este vai ser o momento no que o seu uso se volte

¹³⁵ RICO BOQUETE, Eduardo (2000), “Política forestal y conflictividad social en el noroeste de España durante el primer franquismo. 1939-1959” *Historia social*, Nº 38, pp. 121.

¹³⁶ FREIRE CEDEIRA, Araceli (2014), *Conflictividad social en el medio rural gallego 1939-1975. El caso de los montes vecinales en mano común*. Santiago de Compostela, USC pp. 198-199.

¹³⁷ SCOTT, James (1985), *Weapons of the Weak. Everyday forms of peasant resistance*, Londres, Yale University Press, pp. 29.

¹³⁸ *Ibidem*, pp.84.

¹³⁹ SOTO FERNÁNDEZ, David e FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (2004), “Política forestal e conflictividade nas terras comunais de Galiza durante o Franquismo. 1939-1975” en FREIRE, Dulce; FONSECA, Inês e GODINHO, Paula (coords.), *Mundo Rural. Transformação e resistência na Península Ibérica. Século XX*, Lisboa, Edições Colibri, pp. 238.

¹⁴⁰ RICO BOQUETE, Eduardo (2000), “Política forestal y conflictividad social en el noroeste de España durante el primer franquismo. 1939-1959” *Historia social*, Nº 38, pp. 127.

sistemático.¹⁴¹ Con todo, malia ás fortes doses de violencia que chegou a acadar, sería un erro interpretar a resistencia ás repoboacións dun xeito global como un movemento de oposición ao réxime. O descontento veciñal foi, ante todo, movido por razóns de tipo económico. Malia a que, en ocasións, aparecen implicados nestes movementos antigos represaliados do réxime,¹⁴² tamén se viron implicados neles actores xeralmente partidarios do réxime.¹⁴³

Esta presión veciñal, tanto a encaucada por vías legais, como a que recurriu a mecanismos extralegais, vai ter un notable éxito á hora de entorpecer o normal desenvolvemento da tarefa repoboadora, feito que se amosa claramente, na concesión do estado, primeiro, de participacións nos beneficios das explotacións forestais e, a partir de 1957, tamén dun progresivo recoñecemento, xurídico e fáctico da xestión veciñal do monte.¹⁴⁴ Malia a que esta será unha vitoria, en certo modo, pírrica para os campesiños, pois chega nun momento no que a desestructuración da funcionalidade do monte é xa un feito consumado, sen que existan alternativas reais para a súa utilización máis aló da continuación da lóxica forestal extractivista.

Finalmente, cabe destacar que o proceso de reforestación e resistencia do monte comunal vivido en Galicia terá paralelismos co acontecido noutros territorios, dentro do noroeste da Península, nos que o monte común continúa a ter relevancia ata entrado o século XX, tal e como acontece, por exemplo en León,¹⁴⁵ Sendo documentable en boa parte do noroeste do estado, onde a resistencia ás repoboacións tamén son o foco dun conflito entre a veciñanza e a administración,¹⁴⁶ ou mesmo, fora do estado español, no norte de Portugal, onde a ditadura salazarista pon en marcha procesos semellantes de repoboación cunha contestación campesiña similar.

¹⁴¹ CABANA IGLESIA, Ana (2007), “Los incendios en el monte comunal gallego. Lugo durante el primer franquismo”, *Historia agraria. Revista de agricultura e historia rural*, N° 43, pp. 559.

¹⁴² RICO BOQUETE, Eduardo (2000), “Política forestal y conflictividad social en el noroeste de España durante el primer franquismo. 1939-1959” *Historia social*, N° 38, pp. 127.

¹⁴³ SOTO FERNÁNDEZ, David e FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (2004), “Política forestal e conflictividade nas terras comunais de Galiza durante o Franquismo. 1939-1975” en FREIRE, Dulce; FONSECA, Inês e GODINHO, Paula (coords.), *Mundo Rural. Transformação e resistência na Península Ibérica. Século XX*, Lisboa, Edições Colibri, pp. 238.

¹⁴⁴ *Ibidem*, pp. 247.

¹⁴⁵ SERRANO-ÁLVAREZ, José (2019), “Forestry conflict in Spain. Rethinking peasant protest and resistance”, *Journal of Agrarian Change*, Vol. 19, N°. 4, pp. 579-595.

¹⁴⁶ RICO BOQUETE, Eduardo (2000), “Política forestal y conflictividad social en el noroeste de España durante el primer franquismo. 1939-1959” *Historia social*, N° 38, pp. 117-140.

3.4.2 O franquismo e o Estado Novo portugués, dous casos homólogos

No estudo do proceso de repoboación e resistencia veciñal nos montes en man común ofrecen grande interese o caso dos baldíos no norte de Portugal, pois non só os seus usos tradicionais e as formas nas que se artellou a súa propiedade gardan unha grande semellanza co caso galego, senón que os seus avatares ao longo do século XX resultan certamente paralelos. En ambos casos o transcurso do século vai estar marcado pola existencia de dúas ditaduras xurdidas no período de entreguerras cuxa existencia se vai a alongar dun xeito relativamente anómalo dentro do continente europeo, ata mediados da década de 1970. A capacidade coercitiva destas ditaduras vai a ser o sostén fundamental no que se basean as reforestacións masivas do monte común con árbores de ciclo curto, rachando a relativa estabilidade do sistema agrario e provocando a resistencia dos campesiños. No territorio luso, as repoboacións vanse centrar, en boa medida, no extremo norte do país, onde se concentraba, fundamentalmente o monte comunal que se prestaba á repoboación. Do cerca de medio millón de hectáreas reforestadas entre a década de 1930 e a de 1960, 138.000 hectáreas, un 60% pertencían ao distrito de Vila Real, 80.000 ao de Viana do Castelo, 72.000 ao de Bragança, e outros 72.000 ao de Viseu, seguidos a certa distancia por Coimbra, 54.000; Guarda, 33.000; Leiria, 21.000; Aveiro, 20.000; Santarem 17.000 e Castelo Branco 10.000. Constituindo, os baldíos, entre o 30% e o 40% do territorio de Viana do Castelo e Vila Real; do 14% ao 10% de Viseu, Coimbra e Bragança e menos do 10% de Aveiro, Guarda e Leiria.¹⁴⁷ Os baldíos serían, en suma, un fenómeno fundamentalmente adscrito ao extremo norte do país, con especial forza nas zonas limítrofes co territorio galego. Porén, malia a un predominio inicial do piñeiro, a diferenza do caso galego, a eucaliptización da masa forestal será relativamente precoz comezando xa nos anos 60.¹⁴⁸

Un dos nexos fundamentais entre a acción reforestadora de ambos réximes vai ser o desprezo aberto con respecto ao campesiñado con que esta se fai, chegando no caso do estado salazarista á destrución consciente e explícita dos usos tradicionais do monte co obxectivo de sacar aos campesiños do seu suposto estado de atraso.¹⁴⁹ A planificación das reforestacións comezará na década de 1930 e, xa nos 40, comezará o proceso de sometemento dos baldíos

¹⁴⁷ FREIRE, Dulce (2004) “Os baldíos da discordia. As comunidades locais e o estado” en FREIRE, Dulce; FONSECA, Inês e GODINHO, Paula (coords.), *Mundo Rural. Transformação e resistência na Península Ibérica. Século XX*, Lisboa, Edições Colibri, pp. 194.

¹⁴⁸ BRANCO, Amelia (2010), “Was the Portuguese Forest Policy a contribution towards economic modernization? The case of the Paper Plup Industry during the Estado Novo (1930-1974)”, *Revista de historia industrial*, N.º. 44, pp. 84.

¹⁴⁹ *Ibidem*, pp. 199.

lusos ao control dos servizos forestais. Este implicará, ao igual que no caso galego, a prohibición do pasto do gando durante o período de crecemento das árbores.¹⁵⁰ Así mesmo, o motor desta reforestación vai a ser a busca do autoabastecemento de materias primas para a industria papeleira portuguesa, sendo, polo tanto, a industria a que marca a política forestal.¹⁵¹ Polo tanto, ao igual que nas repoboacións realizadas polo franquismo, estas supoñen a introducción das lóxicas de mercado nun eido que, ata o momento, permanecera á marxe delas.

En definitivas contas, cabe sinalar que ambos casos forman parte dun proceso común de introducción das lóxicas productivistas do mercado no vello eido do terreo comunal mediante a acción autoritaria do estado. Así mesmo, en ambos os dous casos, isto virá impulsado, tras o final da Segunda Guerra Mundial, por un período de “fame” de madeira nos mercados europeos no que os altos prezos expolean a actividade forestal desprazando cara as periferias europeas a produción madeireira.¹⁵²

4. O proceso de devolución do control das terras ás comunidades

Como xa sinalamos no tocante á codificación xurídica do monte en man común, esta comeza a artellarse a partir do recoñecemento legal da existencia da propiedade veciñal a partir de 1957. Con todo, isto non suporá a inmediata devolución do control da terra aos campesiños. A regulación do 1963 seguirá a recoñecer competencias aos concellos á hora de xestionar o monte veciñal, malia a ter regulado que a súa propiedade era, exclusivamente, dos veciños.¹⁵³ Inda a lei do 68 segue a recoñecer certa tutela dos concellos na administración, tendo que esperar inda á lei estatal 55/1980 do 11 de novembro, para que se desvincule definitivamente a propiedade veciñal de calquera inxerencia municipal.¹⁵⁴

Coa lei do 1968 vai comezar un proceso de clasificación e devolución dos montes veciñais ás comunidades no que a xestión deste monte será responsabilidade das

¹⁵⁰ ESTÊVÃO, João Antunes (1983), “A floresta dos baldios” *Análise Social*, Vol. 19, pp. 1189.

¹⁵¹ BRANCO, Amelia (2010), “Was the Portuguese Forest Policy a contribution towards economic modernization? The case of the Paper Plup Industry during the Estado Novo (1930-1974)”, *Revista de historia industrial*, Nº. 44, pp. 81.

¹⁵² FREIRE, Dulce (2004) “Os baldios da discordia. As comunidades locais e o estado” en FREIRE, Dulce; FONSECA, Inês e GODINHO, Paula (coords.), *Mundo Rural. Transformação e resistência na Península Ibérica. Século XX*, Lisboa, Edições Colibri, pp. 196.

¹⁵³ REBOLLEDO VARELA, Ángel Luis (1997), “Algúns aspectos do réxime xurídico de montes en man común”, *Revista Galega de Administración Pública*, Vol 1, Nº 17, pp. 69.

¹⁵⁴ *Ibidem*, Vol 1, Nº 17, pp. 70.

Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (de agora en diante CMVMC), cuxa creación, porén, atoparase con grandes problemas, non chegando, en moitos casos, a constituirse tales CMVMC ante a falta de interese dos veciños por un monte que xa perdera a súa funcionalidade agrícola.¹⁵⁵ O proceso de creación das CMVMC concentrarase, fundamentalmente, entorno aos anos 1976 para as provincias de Ourense e Lugo e 1980 para Pontevedra e A Coruña. A primeira data marca o comezo da apertura da ditadura, mentres que no segundo caso sería unha consecuencia da celebración no ano anterior das primeiras eleccións municipais democráticas, que introducen nos concellos partidos políticos cuxo programa recollía a devolución dos montes en man común.¹⁵⁶

Pese a que a que o seu volume, superficie e número resulta sumamente difícil de cuantificar, tense estimado que para o ano 2000 existirían máis de 2.800 CMVMC, das que un 8% se atoparían na provincia da Coruña, un 32% na de Lugo, un 37% na de Ourense e un 23% na de Pontevedra, estas implicarían na súa xestión a un total de ao redor de 155.000 comuneiros.¹⁵⁷ O único requisito para acadar a condición de comuneiro é a veciñanza, entendida como a titularidade de unidades económicas, produtivas ou de consumo, así como o contar con residencia habitual independente dentro da área xeográfica na que se encadra o monte veciñal.¹⁵⁸ Esta definición de veciñanza, que difire da simple condición de residencia nun lugar, tal e como se exige no caso dos baldios portugueses, non deixa de xerar inconvincentes á hora de facilitar a inclusión da muller na xestión do monte ou o relevo xeracional.

As CMVMC van ter que enfrontarse a numerosos problemas que herdaron da etapa anterior. O máis destacado vai a ser a desfuncionalización do monte que as sucesivas repoboacións forestais, así como os cambios na estrutura económica e no sistema agrario, provocaron.¹⁵⁹ A orientación gandeira do agro galego, a reconversión de terras de cultivo en pasto, a aparición de fertilizantes e piensos industriais son, por citar algúns exemplos, as causas dunha forte redución da utilidade deste monte. A isto unéuse a drástica redución no

¹⁵⁵ FREIRE CEDEIRA, ARACELI (2014), *Conflictividad social en el medio rural gallego 1939-1975. El caso de los montes vecinales en mano común*. Santiago de Compostela, USC, pp. 448.

¹⁵⁶ *Ibidem*, pp. 435-436.

¹⁵⁷ FERNÁNDEZ LEICEAGA, Xaquín; *et al.* (2006), *Os montes veciñais en man común. O patrimonio silente. Natureza, economía, identidade e democracia na Galicia rural*, Vigo, Xerais, pp. 189-192.

¹⁵⁸ COPENA RODRÍGUEZ, Damián (2018), “Montes Veciñais en Man Común e Baldios. Unha análise comparativa das propiedades comunitarias de Galicia e Portugal”, *Sémata. Ciencias sociais e humanidades*, N° 30, pp. 94.

¹⁵⁹ BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (2008), “Da cultura do lume á barbarie incendiaria” en AXEITOS AGRELO, Xosé Luis; GRANDÍO SEOANE, Emilio; VILLARES PAZ, Ramón (eds.), *A patria enteira. homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 827.

número de agricultores que traballan a terra, así como a falta de relevo xeracional nestes, que teñen contribuído inda máis á desfuncionalización do agro. Esta desestructuración da agricultura transformou, ao longo da segunda metade do XX un monte plenamente integrado na agricultura, nun monte carente de funcións e visto como algo alleo.¹⁶⁰ No caso dos montes cuxa propiedade é plenamente privada, orixinados nos sucesivos repartos dos séculos XIX e XX, a situación resulta igualmente complicada. Nestes a perda de funcións do monte xúntase a unha radical hiperparcelación deste, que se ve dividido en multitude de fincas de moi pequeno tamaño e dificilmente utilizables.

Neste sentido, a falta dunha alternativa distinta, este período será unha continuación, mesmo ata os nosos días, do proceso de reconversión do monte en solo forestal que xa comezara nos inicios do século XX, coa plantación de árbores de ciclo curto. Neste sentido, o cambio máis importante será a substitución do piñeiro polo eucalipto ao longo dos anos 70, tanto nas plantacións estatais como nas privadas. Este medra, froito do incremento da demanda coa apertura da celulosa ENCE en Pontevedra, así como das políticas públicas de incentivación das reforestacións.¹⁶¹

A desfuncionalización do monte, xunto coas repoboacións de árbores de moi fácil combustión, teñen desenvocado ao longo deste período na proliferación de grandes incendios forestais que se teñen tornado nun problema crónico en Galicia, xerando unha gran cantidade de malestar e alarma social. Dende 1975 ata 1990 van arder en incendios forestais máis de 900.000 hectáreas, case un terzo da superficie galega.¹⁶² E se ben a alarma social que esta pandemia incendiaria causa ten feito aumentar o presuposto vencellado á extinción de incendios ao longo dos anos, e mesmo chegou a reducir o número de hectáreas queimadas,¹⁶³ cabe destacar que hai unha notable falta de visión a longo prazo por parte das administracións para atallar a raíz estrutural destes problemas, ou para, en última instancia, solventar o proceso de abandono do monte.

¹⁶⁰ BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (2008), “Da cultura do lume á barbarie incendiaria” en AXEITOS AGRELO, Xosé Luis; GRANDÍO SEOANE, Emilio; VILLARES PAZ, Ramón (eds.), *A patria enteira. homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 829.

¹⁶¹ RICO BOQUETE, Eduardo (2019), “La repoblacion forestal pública en Galicia durante el siglo XX” en DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, Francisco (coord.), *O Antropoceno e a «Grande Aceleración»*. *Unha ollada desde Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 122-126.

¹⁶² BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (2008), “Da cultura do lume á barbarie incendiaria” en AXEITOS AGRELO, Xosé Luis; GRANDÍO SEOANE, Emilio; VILLARES PAZ, Ramón (eds.), *A patria enteira. homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 831.

¹⁶³ *Ibidem*, pp. 834.

Con todo, non sería xusto rematar este apartado sen sinalar a existencia de proxectos desempeñados polas comunidades de montes que amosan as potencialidades desta forma de xestión do patrimonio común. Así, nos últimos anos téñense desenvolto numerosos proxectos relacionados con eidos tan variados como a micoloxía, o turismo ou a gandeiría nos que o aproveitamento en común e dun xeito multifuncional do monte volta a ser unha alternativa ao abandono ou ao monocultivo forestal.¹⁶⁴ Con todo, estes proxectos teñen que enfrontarse tamén aos problemas estruturais arriba sinalados, sendo o máis notable a falta de man de obra debida ao avellentamento da poboación rural e á falta de recambio xeracional na xestión das comunidades de montes veciñais en man común, dificultando moito a consecución de proxectos estables de explotación racional do monte.

Conclusións

A modo de recapitulación, cabería comezar afirmando que o monte xogou, ata entrado o século XX, un papel fundamental na vida das comunidades campesiñas galegas, sendo o soporte de toda a actividade agraria e un mecanismo fundamental para o sostemento e reprodución material da propia comunidade, ao garantir o mantemento da agricultura e a gandeiría. Ata a irrupción do estado liberal no século XIX e, máis adiante e dun xeito máis radical, da ditadura franquista, xa no XX, a xestión deste recurso fundamental para o sostemento da comunidade era, fundamentalmente, levada a cabo pola propia comunidade. Con todo, non cabe idealizar a propiedade común nin confundirmos esta cunha xestión democrática ou igualitaria do monte. Pola contra, a propiedade veciñal do monte implicaba, en boa medida, que se visen reflexadas no seo da súa xestión as desigualdades sociais que dividían á propia comunidade, mesmo ficando rexistradas na forma xurídica de propiedade no caso dos montes de varas.

Porén, a intervención do estado dende o XIX e, especialmente, no XX, vai mudar dun xeito radical os usos e a xestión do monte, rachando cun sistema tradicional que amosara ter sido estable, resiliente e duradeiro ao longo de séculos. A ofensiva xurídica fronte á propiedade veciñal comeza xa dende 1812 e deixa, progresivamente, ás comunidades que dependían desta, nunha situación de desprotección. Con todo, estas comunidades amosaran

¹⁶⁴ COPENA RODRÍGUEZ, Damián (2018), “Montes Veciñais en Man Común e Baldios. Unha análise comparativa das propiedades comunitarias de Galicia e Portugal”, *Sémata. Ciencias sociais e humanidades*, N° 30, pp. 97-98.

unha importante capacidade de resistencia que fará fracasar os proxectos estatais de desamortización e reforestación do monte, ao mesmo tempo que poñen en marcha estratexias, tanto individuais como colectivas, de defensa baseadas na individualización do monte. Será no franquismo cando a maior capacidade coercitiva do estado logre impoñer a reforestación masiva dos terreos veciñais, impedindo o seu uso tradicional, malia o que a presión das comunidades obrigará, finalmente, a recoñecer a súa propiedade sobre o monte.

Isto condúcenos á situación na que actualmente se atopa o monte galego. Boa parte do vello monte veciñal atópase agora dividido en parcelas de propiedade privada, dun tamaño moi reducido e pouco axeitadas para a súa utilización individual. Por outra parte, o monte que permaneceu como veciñal ten que enfrontarse á desfuncionalización causada pola ruptura coa agricultura tradicional que se produciu ao longo do século pasado. Boa parte destes montes atópanse sementados de árbores de ciclo curto e uso madeireiro, fundamentalmente eucalipto, que, nalgunhas comarcas, chega a constituir un auténtico monocultivo. Esta falta de multifuncionalidade non só supón un gran dano á biodiversidade, senón tamén un perigo para os propios cultivadores ao facelos excesivamente dependentes dun único mercado e restar capacidade de resiliencia ás explotacións. Malia a que sería inxusto non sinalar a existencia de proxectos prometedores na xestión veciñal do monte en eidos como a gandeiría, ou a micoloxía; o certo é que a falta de planificación pública a longo prazo para enfrontar o problema da desfuncionalización do monte, o monocultivo de eucalipto ou a falta de relevo xeracional no rural dificulta sumamente a resolución dos problemas aos que se enfronta na actualidade o monte en man común.

Bibliografía

- BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (1990), *O monte en Galicia*, Vigo, Xerais.
- BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo e ARTIAGA REGO, María Aurora (1992), “La individualización de la propiedad colectiva. Aproximación e interpretación del proceso en los montes vecinales de Galicia”, *Agricultura y sociedad*, Nº 65, pp. 101-120.
- BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (2000), “Al margen de la ley, la defensa de los montes vecinales en Galicia (1848-1968)” en SALUSTIANO DE DIOS, Javier Infante e RICARDO ROBLEDO, Eugenia Torijano, *Historia de la propiedad en España, Bienes comunales, pasado y presente*, Salamanca, Centro de estudios registrales.
- BALBOA LÓPEZ, Xesús Leopoldo (2008), “Da cultura do lume á barbarie incendiaria” en AXEITOS AGRELO, Xosé Luis; GRANDÍO SEOANE, Emilio; VILLARES PAZ, Ramón (eds.), *A patria enteira. homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- BOUHIER, Abel (2001), *Galicia, ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*, Volume XVI, Tomo II, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- BRANCO, Amelia (2010), “Was the Portuguese Forest Policy a contribution towards economic modernization? The caso of the Paper Plup Industry during the Estado Novo (1930-1974)”, *Revista de historia industrial*, Nº. 44, pp. 69-96.
- CABANA IGLESIA, Ana (2007), “Los incendios en el monte comunal gallego. Lugo durante el primer franquismo”, *Historia agraria. Revista de agricultura e historia rural*, Nº 43, pp. 555-580.
- COPENA RODRÍGUEZ, Damián (2018), “Montes Veciñais en Man Común e Baldios. Unha análise comparativa das propiedades comunitarias de Galicia e Portugal”, *Sémata. Ciencias sociais e humanidades*, Nº 30, pp. 85-104.
- ESTÊVÃO, João Antunes (1983), “A florestação dos baldios” *Análise Social*, Vol. 19, pp. 1157-1260.
- FERNANDEZ LEICEAGA, Xaquín; LÓPEZ IGLESIAS, Edelmiro; JORDÁN RODRÍGUEZ, Manuel; BESTEIRO RODRÍGUEZ, Begoña; VISO OUTEIRIÑO, Pablo; BALBOA LÓPEZ, Xesús; FERNANDEZ PRIETO, Lourenzo; SOTO FERNÁNDEZ, David (2006), *Os montes veciñais en man común. O patrimonio silente. Natureza, economía, identidade e democracia na Galicia rural*, Vigo, Xerais.

- FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo e CORBACHO GONZÁLEZ, Beatriz (2019), “Da fertilización orgánica á mineral e química, da natureza transformada á natureza descontrolada, do século XIX ao XXI” en DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, Francisco (coord.), *O Antropoceno e a «Grande Aceleración». Unha ollada desde Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- FREIRE CEDEIRA, Araceli (2014), *Conflictividad social en el medio rural gallego 1939-1975. El caso de los montes vecinales en mano común*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- FREIRE, Dulce (2004) “Os baldíos da discordia. As comunidades locais e o estado” en FREIRE, Dulce; FONSECA, Inês e GODINHO, Paula (coords.), *Mundo Rural. Transformação e resistência na Península Ibérica. Século XX*, Lisboa, Edições Colibri.
- MONTIEL MOLINA, Cristina (2005), “Los montes de socios. Un problema territorial de difícil gestión”, *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, Nº. 40, pp. 181-200.
- PAYNE, Stephen (1999), “Fuego sobre la tierra. Introducción a su historia” en ARAQUE JIMÉNEZ, Eduardo (coord.), *Incendios históricos. Una aproximación multidisciplinar*, Baeza, Universidad Internacional de Andalucía.
- REBOLLEDO VARELA, Ángel Luis (1997), “Alguns aspectos do réxime xurídico de montes en man común”, *Revista Galega de Administración Pública*, Vol 1, Nº 17, pp. 65-100.
- REY CASTELAO, Ofelia (1995), *Montes y política forestal en la Galicia del Antiguo Régimen*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- REY CASTELAO Ofelia (2004), “Montes, bosques y zonas comunales. Aprovechamientos agrícola-ganaderos, forestales y cinegéticos” en ARANDA PÉREZ, Francisco José, *El mundo rural en la España moderna. VII Reunión Científica de la Fundación Española de Historia Moderna*, Vol. 2, Cuenca, Universidad de Castilla la Mancha, pp. 907-966.
- RICO BOQUETE, Eduardo (1995), *Política forestal e repoboacións en Galicia. 1941-1971*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- RICO BOQUETE, Eduardo (2000), “Política forestal y conflictividad social en el noroeste de España durante el primer franquismo. 1939-1959” *Historia social*, Nº 38, pp. 117-140.
- RICO BOQUETE, Eduardo (2019), “La repoblacion forestal pública en Galicia durante el siglo XX” en DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, Francisco (coord.), *O Antropoceno e a «Grande Aceleración». Unha ollada desde Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto (1996), *Das casas de morada ao monte comunal*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

- SERRANO-ÁLVAREZ, José (2019), “Forestry conflict in Spain. Rethinking peasant protest and resistance”, *Journal of Agrarian Change*, Vol. 19, Nº. 4, pp. 579-595.
- SCOTT, James (1985), *Weapons of the Weak. Everyday forms of peasant resistance*, Londres, Yale University Press.
- SOTO FERNÁNDEZ, David e FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (2004), “Política forestal e conflictividade nas terras comunais de Galiza durante o Franquismo. 1939-1975” en FREIRE, Dulce; FONSECA, Inês e GODINHO, Paula (coords.), *Mundo Rural. Transformação e resistência na Península Ibérica. Século XX*, Lisboa, Edições Colibri.